

**Estaba o home só,
e quedou aínda máis só,
como se aínda houbese graos no negro,
na fame ou na soidade.
Nas costas, tiña unha balea
e a balea murmuráballe ás costas
que viría deborcar-se ós seus labios
para bicarllos.
Pero houbo tempo:
estaba o home só
pero hai máis alá da soidade
a finitude perfecta, elíptica,
como o ventre das preñadas.**



revista das letras 450




O home de Camelle



Suplemento de O Correo Galago que aparece os Xoves.
Coordinación: A.R. López e Soledade Noia. Deseño: Antón Lopo.
Maquetación: Carme Botana.
Fotografía: Chico Niras.
E-mail: R21@elcorreoagalago.es

Man (o home)



O Día dos Santos Inocentes morría Man, 'o Alemán' de Camelle, un dos artistas máis característicos da Costa da Morte, un home que lograra fundir a súa vida coa vida propia de Camelle, a vila na que residía desde 1961. A razón da súa morte, na asepsia científica do parte médico, foi o agravamento da tromboflebite que o mantiña desde había meses a tratamento, anque todos en Camelle saben que a marea negra do 'Prestige' sobre o seu Museo foi a causa que precipitou o desenlece. El, que se fundira pedra a pedra coa costa encrechada de Camelle e coa historia dunha terra marcada polo mar e o vento, non podía acabar doutro xeito e, a súa morte púxolle final épico a unha vida chea a partes iguais por sangue e por lenda. Man pertencía a esa caste de artistas afastados dos circuítos comerciais e que lograran facer del mesmo unha obra de arte, dentro da corrente máis contemporánea da plástica. O froito máis visible desa reviravolta é o museo que, pouco a pouco, foi construíndo en Camelle e que as primeiras valgadas de pichi sepultaron irreversiblemente no pringue visgoñento do 'Prestige'. Del queda tamén a súa figura inmortalizada no dique de abrigo do porto de Camelle, pois así o pediu el cando se construíu. Os operarios, daquela, tiveron que realizar unha masa de cemento máis mol, sobre a cal o "místico do mar" –como algúns o chamaron á súa morte– se deitou para gravar a súa silueta. Previamente, o proxecto do dique xa fora modificado para evitar que a súa construción afectase ó museo, unha das pezas máis entrañables e visitadas da arte ó aire libre en Galicia. A supervivencia deste labirinto de esculturas, calladas de círculos e cromatismo contundente, é agora unha cuestión latente, así como a súa recuperación como símbolo da reconstrución que a Costa da Morte agarda tralo paso da marea negra. O museo é a biografía de Man, pero tamén a de Camelle e do propio mar, un triángulo que a arte fundiu con mitoloxía lendaria, carne, sangue, salitre e algas.




O museo de Man traía invasión da marea negra

Era 28 de decembro, o día dos santos inocentes, e miles de persoas saían á praia do Orzán, na Coruña, para chorar o velorio do mar. Nesa mesma mañá, neboenta e chuviosa, con vento, difundíase a noticia da morte de *Man*, Manfred, o *alemán de Camelle*, o home que durante anos levantou nun recuncho ó bordo do mar, un labirinto de esculturas simbióticas e inqedantes, debedoras da *arte bruta* pero tamén dun proceso creativo no que vida, arte e supervivencia se engastan nunha única expresión. Era un labirinto no que, en certo modo, *Man* traducía, en pedra e cor, a súa biografía e a do mar, canteira nutricia da que el extraía boa parte do seu material artístico: boias, croios, rellas, antenas, pneumáticos, barrís, botellas, timoas, táboas, ferranchos, farrapos... A súa morte foi unha nova que veu incrementar a xa estarrecedora paisaxe da costa galega nestes últimos meses, en boa parte porque o Museo de *Man* fora o primeiro pico afectado pola marea negra do *Prestige* e porque *Man*—coa súa atrabiliada figura, escudáido e anacoreta—se transformara nunha especie de símbolo da traxedia. "Sintome moi mal. Isto deixoume moi mal", díxeralles *Man* ós periodistas cando viu o seu labirinto enzoado polo pichi, o labor de anos de vida sepultado baixo o efecto químico dunha mutación que, ó seu paso, ía solidificando todo canto tocaba, incluído o mar, avolto agora o mar nunha masa visgoñenta e lúgubre, parda, que paralizaba as gaivotas e os araos, que mataba os peixes e as ameixas, que erradicaba o placto e as algas. *Man*, que era historia na historia da Costa da Morte, lenda viva en coiros e guedellos alboreados, sentiu en si mesmo a fin da historia na Costa da Morte e o comezo dunha era de incertezas que el—xa enfermo e debilitado polos achaques do inverno pasado—non resistiu.

Man chamábase, en realidade, Manfred pero prefería que lle chamasen Man (home), denominación que, en certo modo, lle acaía ben ó seu modo de vida, anacoreta e solitario, *hippie* e bohemio, naturista e radical. A xente en Camelle, sen embargo, coñecía polo alcume de O *alemán*. Como ocorre cos personaxes lendarios, a historia de *Man* está sucada de misterios e lagoas escuras, algunhas desveladas pouco despois da súa morte e outras integradas xa no folclore popular de Camelle sen importar o grao de verismo. As relacións da vila co *alemán* non foron sempre harmónicas, anque nos últimos anos amainaran as arrautadas que, nos momentos áxidos de máxima tensión, canexara conflitos virulentos, mesmo as agresións físicas e a destrución dalgunhas das pezas do seu labirinto. Non era tampouco fácil encaixar, nestes confins do mundo, os caracteres dunha vila mariñeira coa excentricidade social de *Man*, que con frecuencia corría espido pola ribeira de Camelle, enlevado ás veces de paixón alucinada e poderosa inspiración para alporizamento dos veciños e o escándalo do decoro católico. E anque a maioría o aceptaba e respectaba, só despois da súa morte comprenderon todos que *Man* e Camelle eran unha simbiose: *Man* non existiría sen o mar violento de Camelle e Camelle non tería unha singularidade propia na Costa da Morte se non fose do universo do *alemán*, motivo de atracción para miles de visitantes. *Man* chegou a Camelle arredor de 1961, anque algúns cronistas fixan a data da súa chegada na véspera do día das festas patronais da vila, o Espírito Santo, en 1962. Son estes os mesmos anos nos que o fotógrafo Jean Dieuzauze realiza a súa última serie de retratos sobre Galicia, captada coa súa cámara como un espazo onde o tempo da postguerra permanece aínda palpable. As razóns de que *Man* se establecese en Camelle non son claras. Ó parecer, nacera nunha familia alemana de clase media e era o último de catro irmáns. A súa nai morreu sendo neno e a nova esposa do seu pai, unha muller debuxada pola lenda como un deses personaxes das novelas de Dickens, meteu a Manfred nun correccional, onde permaneceu ata os 18 anos. Ó acadar a maioría de idade, fúgase de Alemaña e inicia unha peregrinaxe pola costa Atlántica de Europa. Percorre a Bretaña francesa, baixa polas Landas e entra en España pola cornixa cantábrica ata Ferrol. Cando chega a Camelle, decide



Man, o Home de Camelle



A Galicia que encontrou Man cando chegou en 1961, ano desta fotografía de Dieuzaide



A Galicia que despedía Man. Unha fotografía dos rapaces de camelle fronte ó seu museo

que aquel porto recóndito da Costa da Morte é o seu destino. Nestes primeiros anos de estadia, as informacións son confusas. Algúns indican que a súa primeira noite a pasou na casa de Lola de Benadita e que na casa de Carmen de Chuclo lle arranxaron uns zapatos. A primeira comida que lle ofreceron foi un banana con pan e a primeira casa na que viviu proporcionoulla gratuitamente Euxenia Heim, unha muller que sabía alemán.

Os seus biógrafos subliñan –hai un completo perfil na páxina camelle.net– que durante estes primeiros anos, Manfred era un home de porte ergueito que vestía con esmerada elegancia, peiteado coidadosamente e lucindo uns modais exquisitos para agrado daquela aldea no confín do mundo. Asistía todos os domingos a misa e mantiña relacións de grande afección coa xente do pobo. Xa entón tiña inque-danzas artísticas e anque non se lle coñecía oficio nin beneficio –recollía, segundo contan, animais e plantas que estudia-ba despois na súa casa– si se sabe que esculpía e pintaba con asiduidade, nun estilo pola contra que non cadra co que logo o faría famoso.

A lenda tamén conta que, nestes anos, Manfred se namorou dunha mestra, co que mantiña longas conversas en inglés. El estaba loucamente namorado pero ela, ó final, des-prezou o seu amor e, deste xeito, empurrouno cara á unha nova forma de enfrontarse á vida: Manfred transformouse en *Man*. Hai quen apunta que ela, desde o primeiro e ó estilo desas heroínas perversas dos melodramas, non estaba en ab-soluto interesada en Manfred senón en aprender alemán e que o abandonou en canto satisfaceu o seu interese.

É entón cando *Man* comeza a construírse: facía grandes distancias correndo, descalzo e co seu característico tapar-rabos, en busca de materiais para o seu museo ou nadaba longas distancias entre Camelle e Traba, alancada que sem-pre levantou grande expectación entre os veciños da vila. Os veciños cedéronlle o espazo no que el instalou o seu labirinto de esculturas, construcións de formas redondeadas que se suporpoñen –alguén cualificounas de *estalagmitas*– e que tracexan unha paisaxe de inspiración surrealista con peso in-negable de formas orgánicas.

Neste labirinto viviu *Man* como o faría un ermitaño: alimen-tación vexetariana e escueta, infusións realizadas a partir de plantas autóctonas e escasos contactos sociais. Vinte pesos cobraba *Man* por adentrarse no seu labirinto e o visitante quedaba, ademais, inmortalizado nel a través dunha folla de papel que el lle entregaba para que escribise o seu nome e debuxase as formas suxeridas pola súa visita.

Esta rutina rompeuse o ano pasado cando tivo a primeira crise de saúde que se lle coñece. Daquela, impuxéronlle un tratamento que implicaba visitas periódicas ó hospital para o seguimento do Sintrón. O agravamento da enfermidade foi, sen dúbida, o que acabou coa súa vida e o parte do médico así o confirma: insuficiencia respiratoria e tromboflebite. Ca-melle, sen embargo, sabe que “o do *Prestix*” foi quen “aca-bou de matalo”, como dixo Purificación Suárez, a súa veciña máis próxima, unha muller que medrou con *Man* e que de ne-na caíu engaiolada do xiradiscos que el lle poñía. De maio-res, tamén tiveron o seu enfado porque ela vivía tan cerca do labirinto del que “el tiña medo de que lle estragaramos o con-torno”. No enterro de *Man*, Purificación chorou como chorou boa parte do pobo de Camelle. Despois de tantos anos de en-contros e desencontros, o que todos tiñan claro era a necesi-dade de preservar o legado do *Alemán*, ese labirinto da súa biografía que é tamén a biografía de Camelle e a biografía do mar.

DOMINGO ANTONIO CHAVAGA



Aspecto actual dos fondos do museo

*O papagaio é de papel,
Tem a cor viva do caju maduro
e é brilhante como o Sol do poente.
O papagaio é de papel
e voa, voa para o céu,
arrastrado pelo vento...
E alonga cauda enfeitada
dança um bailado oriental, lento
como o serpentear da cobra mamba...*

*Irmãozinho negro de cabeça redonda,
de embigo saliente
e olhar curioso...
Irmãozinho negro de olhar curioso tem
o papagaio bem preso e seguro
pelo fio,
na maozinha quente.*

*Irmãozinho negro é pobrezinho, não tem nada seu...
só o papagaio de papel
que voa, voa para o céu,
como um Sol ou uma estrela...*


*Ai, irmãozinho negro é pobrezinho, mas também
sonha, também, coitadinho!
Sonha que há-de ir além,
ao céu, no papagaio que é como uma estrela...
E que há-de brincar com tanta coisa linda
que ele adivinha lá longe e nunca viu...*

*Ai, irmãozinho negro é pobrezinho,
não tem nada seu...
Só um papagaio de papel,
tão belo e brilhante como uma estrela cadente.*

*Um papagaio de papel
que voa, voa, voa...
e não leva consigo irmãozinho negro.*



revista das letras 451



Noémia de Sousa, grande



Noémia e Xosé Lois García durante unha entrevista

Chégame a triste noticia da morte da admirada poeta e amiga estimada, Noémia de Sousa. Tomo un respiro ante este gran monumento de persoa que foi capaz de estruturar unha obra poética de gran vitalidade humanista e existencial que marca unha nova etapa expresiva na lírica de Mozambique. Véñenme a miña cabeza un sen fin de pensamentos que se cruzan pola urxencia na noticia que son incapaz de dixerir. Mais o corazón manda e suxire apousarse calmo na memoria de Noémia de Sousa. Natural de Catembe, na outra banda da baía de Maputo, onde naceu o 20 de setembro de 1926. Tocoulle vivir os áspers tempos do salazarismo, e a parcelación racial que sufriu Mozambique polos anos trinta e corenta. Ficou orfa de pai aos oito anos. Procedía dunha familia de funcionarios, seus avós eran de orixe portuguesa e alemá; súa nai era negra, casada cun branco. Neste contexto, como mulata, Noémia de Sousa fixa na súa infancia varios horizontes e parámetros da pobreza na que estaba sumida a capital

de Mozambique, Lourenço Marques (Maputo). Pronto coñeceu aos poetas da revista: *O Brado Africano*, na que se integrou. Alí estaba Rui Guerra e José Craveirinha. Todos eles coa obsesión de expresar e denunciar o colonialismo e coa ansia de ser xornalistas e que moitos lograron selo en varios combates da vida.

Por 1949 Noémia de Sousa comeza a publicar os seus poemas en revistas literarias e a ser coñecida en varios ambientes literarios de Mozambique e do estranxeiro. Noémia nunca quixo publicar en libro, tivo moitas ofertas para arranxar os seus poemas dispersos nunha edición, ata que o poeta Nelson Sauté os reuniu e publicou en 2001, con o título dun dos poemas: *Sangue Negro*.

En 1951 chega a Lisboa para estudar e coñece a activistas políticos e dinamizadores culturais como o angolano Mário Pinto de Andrade, que a fixo entrar en contacto con varios mozos activistas como Amílcar Cabral e Vasco Cabral (Guiné), Agostinho Neto (Angola), Or-

lando da Costa (Goa), Mondlane e Marcelino dos Santos (Mozambique), Alda do Espírito Santo e Francisco José Tenreiro (Sao Tomé). Este último poeta estaba escribindo poemas orientados cara a negritude. Noémia de Sousa era unha poeta fundamental da negritude que se consolidou neste grupo de estudantes en Lisboa. A poesía da negritude de expresión portuguesa desenvólvenos estes poetas e activistas políticos da Casa dos Estudantes do Imperio, polos anos cincuenta. Ao contrario do que se ten dito, os poetas da negritude lusófona non están influenciados por Cesaire ou por Senghor. As maiores referencias véñenlles dos poetas norteamericanos e cubanos. Este termo mo confirmou Noémia de Sousa. A poesía negra dos EEUU era lida por estes estudantes das colonias portuguesas na metrópole. Langston Hughes e Countee Cullen predominaron na devoción deste grupo de poetas africanos. Por outro lado, tamén estaban marcados polo *Sóngoro Cosongo* de Nicolás Guillén. O poeta cubano foi admirado e seguido tendo varios epígonos. Estes termos mencionáanos Mário Pinto de Andrade e repiteos Noémia nunha entrevista feita polo profesor e lusista francés, Michel Laban.

Descubrir África, a Mamá África, de Tenreiro, de Noémia de Sousa, de Agostinho Neto, de José Craveirinha e de António Jacinto era volver ás raíces e recuperalas no poema, como verbo vital da carne magoada que serve como denuncia e combate fronte ao colonialismo. E nesta tendencia e impaciencia é onde Noémia de Sousa madura a súa negritude poética coa referencia dos malpocados, desnutridos, degradados e negados de liberdade. A súa poesía, de punta en riste, pasa a ser acción e apta para mentalizar e redimir. Velaquí a grandeza da poesía da negritude.

Na Lisboa dos anos cincuenta, a poeta mozambicana ao mesmo tempo que traballaba de xornalista estaba asexada pola PIDE e decidiu marchar clandestinamente a Francia. Contoume con emoción a súa fuxida de Portugal por medio de intermediarios portugueses en contacto con aqueles extraperlistas galegos de café que subornaban á guardia republicana de fronteiras. Noémia e a súa filla pasaron a raia San Gregorio (Melgaço) rumbo a Ourense e desde aquí a París. Estivo no exilio nove anos e regresou pouco antes do 25 de abril de 1974. Coa independencia de Mozambique, nese ano, renunciou ao pasaporte portugués para acollerse á cidadanía mozambicana de pleno dereito.

En certa ocasión, o cantante Zeca Afonso deulle o sobrenome de *Mae dos poetas mozambicanos*. Mais con anterioridade, no seu país, chamábaselle *Mamá grande*, un distinción que se lles fai as mulleres de respectada idade e cultura. As mozas chámalle mamá en toda África. Ninguén mellor que Noémia de Sousa para ostentar este cualificativo, dado que ela tiña ornamentado e iluminado os seus versos coa *Mae África*. Ela era esa gran madona a quen o pobo lle ofrendaba os seus requintados mimos.

Cando coñecín a Noémia de Sousa xa tiña intercambiado varias cartas con ela e tiña traducido e publicado varios de seus poemas na revista: *Hora de Poesía* de Barcelona e a miña antoloxía mozambicana, titulada: *Poesía en Acción*. Eu estaba no aeroporto de Lisboa (marzo de 1993) para viaxar a Guiné-Bissau, para asistir ao congreso sobre literatura guineense, cando apareceu a escritora caboverdiana, Orlanda Amarílis, viúva de Manuel Ferreira, e comentoume que estaba con ela unha grande amiga miña que eu non coñecía. A miña sorpresa foi que Noémia estaba para viaxar no mesmo avión, cos escritores Olinda Braga e Orlando da Costa. Cando baixamos en Bissau, ás dúas da mañá, un gran ramo de flores era entregado á poeta mozambicana por Teresa, a muller do vicepresidente do goberno, Vasco Cabral. Ficamos todos no mesmo hotel e nas horas nугalleiras falamos dos líderes da independencia e moito de literatura. Gracias a aquelas conversas con Noémia tiven un novo concepto da literatura, da música africana e dos líderes da independencia.

Sinxeleza e humanismo xurdían de cada expresión maternal, daquel corpo fraxil e do falar apousado e sorridente. Iso si, fumaba moito. Naquela estadia de dez días en Bissau gustaba que eu lle tendera a mao cando baixaba do auto ou que lle lembrara de levar consigo a banana, por causa da súa diabetes. Ao noso círculo sumouse Ana Maria Cabral, viúva de Amílcar Cabral, que viña de Cabo Verde e para min foi importantísima a súa presenza para coller datos sobre o líder da independencia de Guiné e Cabo Verde.

Son moitas as anécdotas con Noémia de Sousa en Guiné-Bissau, simplificaréi algunha delas. Cando fomos recibidos en audiencia polo

presidente Nino Vieira, no pazo presidencial, a calor era inmensa e a min fixéranme ir con garabata prestada e á sala de audiencias o presidente non chegaba. Tiña a miña dereita a Noémia e á miña esquerda a Vasco Cabral. Fixen un comentario que todos ouviron: "Non sopor-tei aos militares do meu país e agora teño que estar á espera de militares golpistas, é increíbel o que me acontece". Noémia meteume un cobadazo e en son maternal díxome: "Olhe o que você tem de tras sua? Viu que é um polícia militar!". Respondílle: "Só estou a olhar um gorila fardado de militar". Ela rompeu a rir, en riso infindo.

Aos poucos días leváronnos a Bafatá, cidade onde naceu Amílcar Cabral, foi un día extraordinario ao lado do río Geba e ollar esa exuberante flora e fauna africana. Pola tarde visitamos un inxenio de cana de azucre, que era dun dirixente do PAIGC, partido fundado por Amílcar. Nos tanques de auga, remollando canas para introducir nas máquinas trituradoras, estaban rapazas e rapaces dunhos 12 anos, todos nus coa auga ata o peito. A imaxe non podía ser mais tétrica e escandalosa, tirei fotos e fixen comentarios con Ana Maria Cabral e Noémia. A poeta mozambicana entrou en pranto e murmurou: "Estas crianças tinham que estar na escola". Dous voires subidos no chase dun camión desfeito agardaban quizais algún cadáver e imponían naquel espacio un maior espectáculo á explotación e ao abandono humano. Despois de aquí fomos á mansión do xefe-dirixente que rompera unha perna e estaba de repouso, todos pasaron a complimentalo ao seu apouso, Noémia, Ana Maria e mais eu non entramos, ficamos nun gran salón. A sede e a calor fixéronme abrir unha neveira que alí había e beber unha auga mineral. O receptáculo de bebidas estaba cheo delas e collinas todas e leveillas aos rapaces que estaban na degradante poeira. A Mamá grande sempre me lembrou isto como un xesto humanitario e guerrilleiro.

Nunha das comidas que tivemos na casa do vicepresidente do Goberno, Vasco Cabral, comenteille a este de ir á tumba de Amílcar en son de homenaxe. Inmediatamente telefonou a un xeneral da guarnición que vixiaba a tumba, do fundador da nación guineense, e fomos todos os congresistas ao mausoleo que se atopa dentro da fortaleza de Bissau, construída polos portugueses. Ana Maria, a viúva de Cabral e Noémia de Sousa, a súa amiga e compañeira de loita, levaron aquelas flores ao sepulcro, ante honores militares. Ollei á Mamá grande moi conmovida, o seu silencio daba conta dos sentimentos que sentía por Amílcar Cabral, polos mártires e loitadores da dignidade de África.

En 1997 atopámonos de novo en Cabo Verde para asistir ao Colóquio Internacional: "Que Estados, que Nações em Construção nos Cinco?". Desde a illa do Sal a Praia fomos xuntos no avión, ía moito contenta por que encontraría no Colóquio ao Ze Craveirinha e a Marcelino dos Santos. En todas aquelas sesións congresuais que se celebraron na Assembleia Nacional, Noémia estaba sempre franqueada por estes dous vellos amigos e compañeiros de loita e que tantas historias contaba deles. Foi naquela ocasión cando Mascarenhas tomaba posesión da presidencia de Cabo Verde. Os congresistas fomos convidados a este evento. Noémia empeñouse que eu me colocara entre ela e Marcelino dos Santos, para que o Marcelino fose o meu guía da cerimonia. Así foi, Marcelino dos Santos fora presidente da Assembleia Nacional Popular de Mozambique, e foi anticipándose cousas da cerimonia. Despois viñeron as cumprimentacións do presidente e a mais aplaudida foi a dunha popular señora, vendedora de peixe polas rúas de Praia; unha vella mulata coas súas roupas populares. Noémia rompeu a chorar e en voz calma —como era a dela—, díxome: "Desculpe a emoção, mais esta coitada representa o sofrimento das gentinhas do mar. As de Cabo Verde, Angola, Moçambique, São Tomé, Guiné e mesmo as de Portugal, Brasil e a Galiza ficam representadas por ela". Aquí desvelábase o amor pola gran comunidade que representa a lingua portuguesa.

Aquela señora tan radiante de mulatismo e con vestidos de trasfegar era unha desas mamás africanas que fan inmorredoiira esa paixón de ser mar e de ser terra. Son esas madonas que aparecen nos versos de Noémia de Sousa; sempre intocábeis e nunca prescritas. Rebordantes de humanidade, son mesmo esas voces libres da negritude que deron sentido á poética de Noémia de Sousa. Teña pois a Mamá Grande a homenaxe dos que perdemos a súa presenza mais non a súa voz.

XOSÉ LOIS GARCÍA

[Descobrimento]

Quando a tua mão macia e serena de branco
se estendeu fraternalmente para mim
e através Índicos de preconceitos
apertou com carinho meus dedos enclavinhados;
quando teus olhos inchados de compreensão
pousaram no mapa doloroso do meu rosto de África;
quando a piroga do teu amor se fez ao mar
e veio aportar ao meu peito ensanguentado e céptico;
ah, quando a tua voz doce e fresca como um lanho
me trouxe a bandeira branca da palavra 'IRMÃ'
é que eu senti, profunda como um selo em brasa
verrurando a carne,
a força terrível e única do nosso abraço fraterno,
a inquebrável cadeia das nossas mãos enfiadas juntas,
a indestrutível resistência da muralha erguida
por nossas maravilhosas juventudes unidas.

Ah, amigo, quando a tua mão certa e serena de branco
procurou o desespero da minha mão sem rumo...

[Sangue negro]

Ó minha África misteriosa e natural,
minha virgem violentada,
minha Mãe!
Como eu andava há tanto desterrada,
de ti alheada
distante e egocêntrica
por estas ruas da cidade
engravidadas de estrangeiros!
Minha mãe, perdoa!

Como se eu pudesse viver assim,
desta maneira, eternamente,
ignorando a carícia fraternalmente
morna do teu lar
(meu princípio e meu fim)...
Como se não existisse para além
dos cinemas e dos cafés, a ansiedade
dos teus horizontes estranhos, por desvendar...
Como se nos teus matos cacimbados
não cantassem em surdina a sua liberdade,
as aves mais belas, cujos nomes são mistérios ainda fechados!

Como se três filhos – régias estátuas sem par –,
altivos, em bronze talhados,
do teu sol causticante, tropical,
como se os teus filhos intemeratos, sobretudo lutando,
à terra amarrados,
como escravos, trabalhando,
amando, cantando –
meus irmãos não fossem!

Ó minha Mãe África, ngoma pagá,
escrava sensual,
Mística, sortilêga – perdoa!

Á tua filha tresvirada,
abre-te e perdoa!

Que a força da tua seiva vence tudo!
Enada mais foi preciso, que o feitiço impar
dos teus tantãs de guerra chamando,
dundundundundun – tantá – dundundundundun – tantá
nada mais que a loucura elementar
dos teus batuques bárbaros, terrivelmente belos...
para que eu vibrasse
para que eu gritasse
para que eu sentisse, funda, no sangue, a tua voz, Mãe!

Evencida, reconhecesse os nossos elos...
e regressasse à minha origem milenar,

Mãe, minha Mãe África
das cnações escravas ao luar,
não posso, não posso repudiar
o sangue negro, o sangue bárbaro que me legaste...
Porque em mim, em minha alma, em meus nervos,
ele é mais forte que tudo,
eu vivo, eu sofro, eu rio através dele, Mãe!

Em seus formais cantos rendilhados
foste tu, negra...
menos tu.

E ainda bem.
Ainda bem que nos deixaram a nós,
do mesmo sangue, mesmo nervos, carne, alma,
sofrimento,
a glória única e sentida de te cantar
com emoção verdadeira e radical,
a glória conmovida de te cantar, toda amassada,
moldada, vazada nesta sílaba impresa e luminosa: MAE.

[Magaíça]

A manhã azul e ouro dos folhetos de propaganda
engoliu o mamparra,
entontecido todo pela algazarra
incompreensível dos brancos da estação
e pelo refolegar trepidante dos comboios,
tragou seus olhos redondos de pasmo,
seu coração apertado na angústia do desconhecido,
sua trouxa de farrapos
carregando a ânsia enorme, tecida
dos sonhos insatisfeitos do mamparra.

E um dia,
o comboio voltou, arfando, arfando...
oh nhanisse, voltou!
E com ele, magaiça,
de sobretudo, cachecol e meia listrada
é um ser deslocado,
embrulhado em ridículo.

Às costas – ah, onde te ficou a trouxa de sonhos, magaiça? –
trazes as malas cheias de falso brilho

(190)

dos restos da falsa civilização do compound do Rand.

*Ena mao,
Magaíça atordoado acendeu o candeeiro,
à cata das ilusões perdidas,
da mocidade e da saúde que ficaram soterradas
lá nas minas do Jone...*

*A mocidade e saúde,
as ilusões perdidas
que brilharão como astros no decote de qualquer lady
nas noites deslumbrantes de qualquer City.*

[Nossa voz]

*Nossa voz ergueu-se consciente e bárbara
sobre o branco egoísmo dos homens
sobre a indiferença assassina de todos.
Nossa voz molhada das cacimbadas do sertão
nossa voz ardente como o sol das malangas
nossa voz atabague chamando
nossa voz lança de Maguiguana
nossa, irmão,
nossa voz trespassou a atmosfera conformista da cidade
e revolucionou-a
arrastou-a como um cilicone de conhecimento.*

*E acordou remorsos de olhos amarelos de hiena
e fez escorrer suores frios de condeanados
e acendeu luzes de esperança em almas sombrias de edeseperados...*

*Nossa voz, irmão!
nossa voz atabaque chamando.*

*Nossa voz lua cheia em noite escura de desesperança
nossa voz farol em nar de tempestade
nossa voz limando grades, grades seculares
nossa voz irmão! nossa voz milhares,
nossa voz milloes de vozes clamando!*

*Nossa voz gemendo, sacudindo sacas inmundas,
nossa voz gorda de miséria,
nossa voz arrastando gilhetas
nossa voz nostálgica de impis
nossa voz África
nossa voz cansada da masturbação dos batuques de guerra
nossa voz negra gritando, gritando, gritando!*

*Nossa voz que descobriu até ao fundo
lá onde coazam as ras,
a amargura imensa, inexprimível, enorme como o mundo,
da simples palavra ESVRAVIDAO.*

*Nossa voz gritando sem cessar,
nossa voz apontando caminhos
nossa voz shipalapaia
nossa voz atabaque chamando
nossa voz, irmão!
nossa voz milloes de vozes clamando, clamando, clamando!*

[Descobrimento]

*Noite morna de Moçambique
e sons longínquos de marimbas chagam até mim
- certos e constantes -
vindos não sei eu donde.
Em minha casa de madeira e zinco,
abri o rádio e deixo-me embalar...
Mas vozes da América remexem-me a alma e os nervos.
E Robeson e Marian cantam para mim.
spirituals negros de Harlem.
"Let my people go"
- oh deixa passar o meu povo,
deixa passar o meu povo! -
dizem.
Eu abro os olhos e já não posso dormir.
Dentro de mim, soam-me Anderson e Paul
e não são doces vozes de embalo.
"Let my people go"!*

*Nervosamente,
eu sento-me à mesa e escrevo...
Dentro de mim,
deixa passar o meu povo,
'oh let my people go!...'!
E já não sou mais que instrumento
do meu sangue em turbilhão
com Marian me ajudando
com sua voz profunda - minha irmã!*

*Escrevo...
Na minha mesa, vultos familiares se vêm debruçar.
Minha Mãe de mãos rudes e rosto cansado
e revoltas, dores, humilhações,
tatuando do negro o virgem papel branco.*

*E Paulo, que não conheço
mas é do mesmo sangue e da mesma seiva amada de Moçambique,
e misérias, janelas gradeadas, adeuses de magaiças,
algodonais, o meu inesquecível companheiro branco
EZÉ - meu irmão - e saul,
e tu, Amigo doce olhar azul,
pegando a minha mão e me obrigando a escrever
com o fel que me vem da revolta.
Todos se vêm debruçar sobre o meu ombro,
enquanto escrevo, noite adiante,
com Marian e Robeson vigiando pelo olho luminoso do rádio
- "let my people go
oh let my people go!"*

[Godido]

*Dos longes do meu sertão natal,
eu desci à cidade da civilização.
Embriguei-me de pasmo entre os astros
suspensos dos postes das ruas
e a atração das montras nuas
tomou-me a respiração.
Todo esse brilho de névoa, ténue e superficial
que envolve a capital,*

me cegou e fez de mim coisa sua.

Quando cheguei,
trazia no olhar a luz verde dos negros simples
e uma dádiva maravilhosa em cada mão.

Mas a cidade, a cidade, a cidade!
Esmagou com os pneus do seu luxo,
sem caridade,
meus pés cortados nos trilhos duros do sertão.
Encarcerou-me numa neblina quase palpável de ódio e desprezo,

e ignorando a luz verde do meu olhar,
a maravilhosa oferta
(essa estrela, esse tesouro) de cada minha mão aberta,
exigiu-me impiedosamente a abdicação
da minha qualidade intangível de ser humano!
Nas noites frias,
sem batuque, sem lua,
as estrelas continuaram brilhando, insensíveis,
através da cacimba, suspensas dos postes da rua.
Minha consolação:
Minha Mãe silenciosa oferecendo-me suas costas nuas,
mornas como sol de inverno...
minha Mãe vencendo a cacimba e a solidão,
para me vir belekar,
humilde e sofredora, com suas tocantes canções de acalantar!

Ah, mas eu não me deixei adormecer!
Levantei-me e gritei contra a noite sem lua,
sem batuque, sem nada que me falasse da minha África,
da sua beleza majestosa e natural,
sem uma única gota da sua magia!
A luz verde incendiou-se no meu olhar
e foi fogueira vermelha na noite fria
dos revoltados.

Ainda grito,
porque quero ser ainda, sempre, pela vida fora,
o que fui outrora:
Rainha nas costas da minha Mãe!

Como tu, meu irmão negro, desorientado e perdido,
na cidade cruel...
Como tu!

Por isso é que este meu canto ingénuo que soa banal,
traz no seu fundo mais fundo, Godido, meu irmão
a marca rubra dum selo fraternal,
constante e imortal!

[Negra]

Gentes estranhas com seus olhos cheios doutros mundos
quiseram cantar teus encantos
para elas só de mistérios profundos,
de delírios e feitiçaria...
Teus encantos profundos de África.

Mas não puderam.
Em seus formais e rendilhados cantos,
ausentes de emoção e sinceridade,

quedeas-te longuica, intangível,
virgem de contactos mais fundos.
Ete mascararam de esfinge de ébano, amante sensual,
jarra etrusca, exotismo tropical,
demência, atracção, crueldade,
animalidade, magia...
e não sabemos quantas outras palavras vistosas e vazias.

Em seus formais cantos rendilhados
foste tudo, negra...
menos tu.

E ainda bem.
Ainda bem bem que nos deixaram a nós,
do mesmo sangue, mesmos nervos, carne, alma,
sofrimento,
a glória única e semntida de te cantar
como emoção verdadeira e radical,
a glória comovida de te cantar, toda amassada,
moldada, vazada nesta sílaba imensa e luminosa: MAE.

[Apelo]

Quem te terá estrangulado a voz cansada
de minha irmã do mato?
De repente, seu convite à acção
perdeu-se no fluir constante dos dias das noites.
Já não me chega todas as manhãs,
fatigada da longa caminhada,
quilómetros e quilómetros sumidos
no eterno pregão: 'MACALA'!

Não, já não me vem, molhada ainda da cacimba,
ajoujada de filhos e resignação...
Um filho nas costas e outro no ventre
- sempre, sempre, sempre!
E um rosto resumido no olhar sereno,
um olhar que não posso recordar sem sentir
minha pele e meu sangue desfaldarem-se, trémulos,
palpitando descobrimentos e afinidades...
- Mas quem terá proibido seu olhar imenso
de vir alimentar-me esta fome de fraternidade
que minha mesa pobre não consegue nunca saciar?

Iô mamanê, quem terá fuzilado a voz heróica
de minha irmã do mato?
Que desconhecido e cruel cavalo-marinho
a terá fustigado até matá-la?
- A seringueira do meu quintal está florida.
Mas há um mau presságio em suas flores roxas,
em seu perfume intenso, bárbaro;
e a capulana da temura que o sol estendeu
sobre a leve esteira de pétalas
aguarda desde o Verão que o filhinho de minha irmã
se venha nela deitar...
Em vão, em vão,
e um chirico canta, canta, poisando no caniço do quintal,
para o filhinho de minha irmã ausente,
vítima das drogas das nevoentas do mato.

Ah, eu sei, eu sei: da última vez, havia um brilho

de adeus nos olhosternos,
e a voz era quase um sussurro
deseperado e trágico...

Ó África, minha mae-terra, diz-me tu:
Que foifeito de minha irmã do mato,
que nunca mais desceu à cidade com seus filhos eternos
(um nas costas, um no ventre),
com seu eterno pregão de vendedora de carvão?

Ó África, minha mae-terra,
ao menos tu não abandones minha irmã heorica,
perpetua-a no monumento glorioso dos teus braços!

[Poema da infância distante]

Quando eu nasci na grande casa à beira-mar,
era meio-dia e o sol brilhava sobre o índico.
Gaivotas pairavam, brancas, doidas de azul.
Os barcos dos pescadores indianos não tinham regressado ainda
arrastrando as redes peçadas.

Na ponte, os gritos dos negros dos botes
chamando as mamas amolecidas de calor,
de trouxas à cabeça e garotos ranhosos às costas
-soavam com um ar longinquo,
longinquo e suspenso na neblina do silêncio.
Enos de graus escaldantes,
mendigo Mufasini dormitava, rodeado de moscas.

Quando eu nasci...
-Eu sei que ar estava calmo, repousado (disseram-me)
e o sol brilhava sobre o mar.
Eno meio desta calma fulançada ao mundo,
já com meu estigma.
E chorei e gritei -nem sei porquê.

Ah, mas pela vida fora,
minhas lágrimas secaram ao lume da revolta.
E o sol nunca mais me brilhou como nos dias primeiros
da minha existência,
embora o cenário brilhante e marítimo da minha infância,
constantemente calmo como um pântano,
tenha sido quem guiou meus passos de adolescente,
-meu estigma também.
Mais, mais ainda: meus heterogêneos companheiros
de infância.

Meus companheiros de pescarias
por debaixo da ponte,
com anzol de alfinete e linha de guita,
meus amigos esfarrapados de ventres redondos como cabaças,
companheiros nas brincadeiras e correrias
pelos matos e praias de Cateembe,
unidos todos na maravilhosa descoberta dum ninho de tutas,
na construção duma armadilha com nembo,
na caça às galas-galas e beija-flores,
nas perseguições aos xitam belas sob um sol quente de Verão...
-Figuras inesquecíveis da minha infância arrapazada,

solta e feliz:
meninos negros e mulatos, brancos e indianos,
filhos da mainata, do padeiro
do negro do bote, do carpinteiro,
vindos da miséria do Guachene
ou das casas de madeira dos pescadores.
Meninos mimados do posto,
meninos frescalhotes dos guardas fiscais da Esquadriha
-irmãdos todos na aventura sempre nova
dos assaltos aos cajueiros das machambas,
no segredo das maçalas mais doces,
companheiros na inquieta sensação de mistério da "Ilha dos navios perdidos"
-onde nenhum brado fica sem eco.

Ah, meus companheiros acocorados na roda maravilhosa
e boquiabertos do "Karingana wa karingana"
das históricas da cocuana do Maputo,
em crepúsculos negros e terríveis de tempestade
(o vento uivando no telhado de zinco,
o mar ameaçando derrubar as escadas de madeira da varanda
a casuarina gemendo, gemendo,
oh inconsolavelmente gemendo,
acordando medos estranhos, inexplicáveis
nas nossas almas cheias de xitucumulucumbas desdentadas
e reis Massingas virado jibóias...)

Ah, meus companheiros me semearam esta instisficação
dia a dia mais insatisfeita.
Eles me encheram a infância do sol que brilhou
no dia em que nasci.
Com sua camaradagem luminosa, impensada,
sua alegria radiante,
seu entusiasmo explosivo diante
de qualquer papagaio de papel feito asa
no céu dum azul tecnicolor,
sua lealdade sem código, sempre pronta,
-eles encheram minha infância arrapazada
de felicidade e aventura inesquecíveis.


Se hoje o sol não brilha como no dia
em que nasci, na grande casa
à beira do índico,
não me deixo adormecer na escuridão.
Meus companheiros me são seguros guias
na minha rota através da vida
Eles me provoram que "fraternidade" não é mera palavra bonita
escrita a negro no dicionário da estante:
ensinaram-me que "fraternidade" é um sentimento belo, e possível,
mesmo quando as epidermes e a paisagem circundante
são tão diferentes.

Por isso eu CREIO que um dia
o sol voltará a brilhar, calmo, sobre o índico.
Gaivotas pairarão, brancas, doidas de azul
e os pescadores voltarão cantando,
navegando sobre a tarde ténue.
Este veneno de lua que a dor me injectou nas veias
em noites de tambor e batuque
deixará para sempre de me inquietar

Um dia,
o sol inundará a vida.
E será como que uma nova infância raiando para todos...



revista das letras 452



Revista das Letras
452

As mans do mundo



Os amos do mando

S

ostíña Jean Baudrillard que existe un pacto de simulación entre os gobernantes e o pobo que máis ou menos formulado é: o primeiro di "dámme o teu voto e eu simularé que goberno en nome do interese xeral" e o pobo responde "eu simulo apoiarte para que me libres do compromiso de ocuparme do ben común". É o xogo de mutuo engano, que diría o nobel de literatura e comunista hormonal José Saramago para quen "estamos nunha situación en que unha democracia, que segundo a definición máis antiga é o goberno do pobo, para o pobo e polo pobo, nesa democracia precisamente está ausente o pobo". Entón, ¿cal é a noción da estrutura real de poder?, ¿quen son os amos do mundo?, ¿en que mans está as rendas do mundo?, ¿Por e para quen se estableceron as regras? O poder real é o poder económico –o culpable é o capital– pero, máis á contra do que algúns pensan, os estados nacionais (estados imperiais, que define James Petras sen medo a empregar un concepto deostado e desacreditado), non están desaparecendo, senón que son prioritarios para entender os centros de poder político e económico. Velaí o apuntamento de Petras quen, contra os que falan de multinacionais sen Estado ou os que manteñen que o concepto de Estado é un anacronismo (que o libre mercado é quen goberna ou que as multinacionais globais non teñen fidelidades nacionais), incide na hexemonía do "Estado imperial": "aquele que descansa na negación do seu propio poder, probablemente a mellor forma de espallalo e profundar nel", mantén. Precisamente no artigo 'Quen goberna o mundo', Petras achega ás últimas cifras dunha realidade indiscutiblemente imperialista. Non hai espazo para as demagoxias. Primeiro: case un 48% das maiores compañías e bancos no mundo son de Estados Unidos e un 30% son da Unión Europea, só o 10% son xaponesas ou noutras palabras, case o 90% das maiores corporacións que dominan a industria, a banca e os negocios son estadounidenses, europeos ou xaponesas. Segundo: Cinco dos 10 principais bancos son estadounidenses, seis das 10 principais compañías farmacéuticas e/ou biotecnolóxicas, catro das dez principais compañías de telecomunicacións, sete das principais compañías de tecnoloxías da información, catro das principais compañías de petróleo e gas, nove das 10 principais compañías de software, catro das 10 principais compañías de seguros e nove das 10 principais compañías de comercio retalista. "Mentres as multinacionais producen e distribúen en todo o mundo, as súas sedes continúan a ser administradas e dirixidas desde Euro-América e Xapón", aclara.

[Un debate sobre a democracia]

Confirmadas as confusións de poderes, a falta de control social do poder económico ou do estamento militar, faise necesario e ineludible, un debate sobre a democracia; un concepto que agocha e pon en funcionamento unha

pretensión que tomamos prestado dun título de Noam Chomsky "Manter a chusma a raia", anque existan máis democracias ca nunca no mundo e o grao medio de liberdade sexa o maior rexistrado. O investigador asociado á Hoover Institution, Larry Diamond, tirando do estudo do ano 2000 da Freedom House sobre a liberdade no mundo, contabiliza 120 democracias, o maior número e porcentaxe máis alta (62,5%) na historia do mundo. Mundialízase a democracia, anque as tendencias globais espárenxan unha realidade, canto menos, máis ambigua. Así, mantén Diamond, estados pluripartidistas como Rusia, Ucraína, Nixeria e Indonesia entran nunha zona gris que non é claramente democrática, nin antidemocrática, nin sequer nun sentido electoral mínimo. Aumentan os indicios de que as eleccións de marzo do 2000, que confirman a Vladimir Putin como presidente de Rusia, foron manifestamente fraudulentas. Incluso sen axuda de fraude –relata Diamond– Putin tiña tales vantaxes, por estar xa no poder e contar co apoio dos seus amigos capitalistas, que os partidos da oposición case recoñeceron a súa derrota de antemán. O caso ruso non é unha excepción anque serve para ponderar, seguindo ó investigador, como as eleccións non son máis que unha dimensión da democracia. Fraudes e intimidacións danlle vivencia á tese de George Monbiot "o conflito máis importante deste século será a batalla entre as xigantescas empresas e a democracia". Recortes no dereito á liberdade de elección corren parellos a unha realidade, na que se fai cada día máis urxente organizarse e mobilizarse, conscientes da neocolonización do chamado Terceiro Mundo e da rede clientelar dos Estados Unidos, con auténticas sucursais en Europa e Oriente Medio (Turquía, Kuwait, Omán e o aliado Israel).

[Rostros ocultos]

Os amos do mundo teñen rostros ocultos nos salóns presidenciais, nos consellos de administración dos grupos, nas cadeiras dos líderes do capital (Banco Mundial ou Fondo Monetario Internacional), ou nos despachos das organizacións internacionais. Conta Susan George –que non entende a globalización se non se asocia a un cualificativo como "impulsada e imposta polas empresas transnacionais" –que nunha conversa informal apuntaba "cômo as empresas xigantescas saben perfectamente definir conxuntamente as súas prioridades económicas e políticas e facer que elas triunfen, gracias á acción eficaz dos seus múltiples lobbies". "Ah, vaia! ¿lobbies?" Pero ¿cales? –pregúntanlle. "O que contestou: "A Mesa Redonda Europea dos Industriais (ERT) cun 45 membros, directores xerais das máis importantes transnacionais de Europa, exercen unha inmensa influencia sobre as decisións da Comisión Europea; ou tamén o Transatlantic Business Dialogue (TABD) que reúne ós directivos das grandes firmas de ámbolos dous lados do atlántico cos responsables políticos nacionais e internacionais". "¿Quere que lle fale dos clientes de Burson-Marsteller, compañía de relacións públicas, o acceso da cal ós dirixentes ten unha reputación sen parangón?, ou de ¿como o mundos dos negocios está penetrando nas Nacións Unidas a través da súa asociación á Cámara de Comercio Internacional no General Business Dialogue? –inquire George. O interlocutor nunca escoitara falar de ningunha destas organizacións, como a maioría. "Non é o único que se encontra lamentablemente nesta situación", constata George, quen no título "Poñamos a OMC no seu sitio" se encarga de esmiazar entre outras a ERT, fundada ó inicio da década dos oitenta. Esta prosegue –informa George– o que un dos seus membros máis eminentes, o barón Daniel Janssen (director xeral do xigante de produtos químicos Solvay) denomina 'dobre revolución' que máis ou menos ben consignar: "reducir o poder do Estado e do sector público en xeral mediante a privatización e a desregulación (e en) transferir gran parte dos poderes dos estados-nación a unha estrutura máis moderna e máis orientada cara á esfera internacional a nivel europeo".

Támén hoxe, a case dous meses do desastre do Prestige, seguimos sen coñecer as caras dos responsables do holding Rich: ligado –informa o escritor e académico Méndez Ferrín nun dos seus últimos artigos na prensa– aos movementos de renovación das elites de capital español, próximas ao goberno do PSOE e a un, xunto con Boris Berezovski, ó comité central de liquidación das empresas nacionais da URSS e da conseguinte constitución da mafia rusa. "Ese Rich –debulla Ferrín– coñecido como o Padriño do Kremlin, ten asentada en Zúg, Suíza, a central Crown Resources", responsable do frete e a carga do Prestige. E tamén hoxe, posposta e prognosticada a guerra con Iraq para o mes de febreiro, sabemos que se Saddam foi elevado á condición de 'besta de Bagdade' non foi polos seus crimes masivos. Máis ben –relata Noam Chomsky en *Estados canallas*– foi porque saíu da fila, de xeito semellante ó criminal Noriega, de moita menor envergadura, os principais crimes do cal cometéronse tamén cando era un cliente de EE. UU.

Os amos do mundo –Estados Canallas para Chomsky– lideran as políticas mundiais: un auténtico retablo –ó xeito de espectáculo de títeres– da avaricia, a luxuria e a morte que escribira Valle-Inclán.

[Chirac, o eterno]

Pregunta: ¿É Chirac (París, 1932) un reformador liberal? Resposta: en todo caso é, sen dúbida, un dos políticos conservadores cunha das biografías máis turbulentas. Nos anos cincuenta foi un simpatizante comunista; nos sesenta un 'gaullista' á Pompidou; nos setenta avogou por un laborismo á francesa; nos oitenta e noventa o seu discurso foi sempre pro-mercado na oposición. Sinalaba *The Wall Street Journal* que o colapso da esquerda francesa, liderada por Lionel Jospin, converteu a Chirac no home do momento: a súa victoria nas presidenciais nas que arrastrou a Le Pen e nas que se evidenciou a caída e a desorientación da esquerda, entronizarono no que foi a maior victoria da historia da V República. (Reelido co 82,5% dos votos e ratificado na Asemblea cunha abraiante maioría, apoiado por un 48,8% dos votos). Comicios que converteu nun auténtico plebiscito dos que simbolizaban os valores republicanos.

Ser presidente de Francia era o seu soño, para o que construíu un partido (o RPR, que fundou no 1976) e unha plataforma de luxo (a alcaldía de París, á que accedeu no 1977). De difícil inxestión para a desmembrada esquerda, o director de *Le Monde* explicaba así o estado de estupor ante o triunfo: "Chirac, que encarna máis ca ninguén a quintaesencia da clase política –digno representante da anarquía, entrado na política mediante os gabinetes ministeriais; que ocupou case todos os bancos do Goberno e foi dúas veces primeiro ministro; único membro aínda en exercicio do goberno do xeneral De Gaulle, rival e discípulo de Mitterrand, endexamais vencido e sempre reposto polas súas derrotas– este home, pois, encarnación perfecta do que os seus aliados chaman a "Francia de arriba", é quen volve agora para encontrar solución ás nosas crises multifórmes".

Foi Chirac, educado nos mellores liceos de París. Tras graduarse no Instituto de Estudos Políticos de París (1954) e na Escola Nacional de Administración, trasladouse a Harvard para completar a súa formación. (Anos de instituto nos que participou en mobilizacións na rúa, conqueteando co Partido Comunista). A finais dos cincuenta incorporábase ás filas de De Gaulle e un ano despois entra na Administración. Algunhas fontes citan as simpatías de Chirac nesta época cos *pied noirs* e os colonialistas da metrópole que se opuñan agresivamente á política do xeneral Charles de Gaulle –aupado á Presidencia da flamante V República en xaneiro do 1959 precisamente por mor do montín militar de Alxer contra o goberno da IV República– de negociar cos nacionalistas alxerinos a independencia do territorio.


Con De Gaulle no poder pasou por máis dunha secretaría de Estado, ademais de ser titular do Ministerio de Interior. No 1962, Chirac entrou no círculo do primeiro ministro Georges Pompidou como encargado de misión do seu gabinete privado e na Secretaría Xeral do Goberno e, cando dimite Messmer no 1974, nomeado primeiro ministro polo novo presidente, Valéry Giscard d'Estaing, a quen apoiara nas urnas a pesar da concorrencia dun candidato gaullista. No 1980, Chirac abandona a condición de europarlamentario para preparar a súa primeira tentativa ás eleccións presidenciais do ano seguinte, nas que é derrotado na primeira volta. Terá que esperar a que Mitterrand ocupe o goberno para volver ser no 1986, primeiro ministro. Con case corenta anos de carreira ás súas costas, Chirac foi o primeiro político de dereitas en coñecer a experiencia da cohabitación. Da súa difícil e curta convivencia con Mitterrand (1986-1988) non só aprendeu os segredos do intrigante e imperturbable socialista, senón tamén os estraños estímulos que produce a combinación da ambición e a derrota. Polo de pronto, o presidente socialista negouse a asinar varios dos seus decretos de privatización a grande escala do patrimonio empresarial do Estado e, igualmente denunciou o seu proxecto de decreto para restrinxir o dereito dos inmigrantes a adquirir a nacionalidade francesa. Tempos de privatizacións e leis de inmigración, nos que os socialistas se opuxeron á súa vez á lei de habilitación económica e social, que facultaba o Estado para despedir traballadores públicos incluso sen a autorización administrativa. No 1988, Mitterrand volve gañar nas eleccións, polo que Chirac presentou a súa dimisión. Sen embargo, recuperou a alcaldía de París un ano despois e foi reelido presidente do RPR, o 11 de febreiro do 1990, cargo do que dimitiría no 1994, cando lanzou a súa candidatura ó Elíseo. Declarado politicamente morto, Chirac non só logrou a presidencia no 1995, senón que remontou o seu propio fracaso do 1997 e adquiriu capital para enfrontarse á reelec-



George W. Bush co presidente francés Jacques Chirac durante unha visita do mandatario estadounidense a Francia



Abrazo de Putin, de costas, e Blair



Mobilización nas rúas de Bagdade a favor de Saddam

ción fronte a un primeiro ministro arroupado polo éxito.

Chirac substitúe a Mitterrand cun mandato de sete anos, debutando cunha reafirmación neogaullista na política exterior francesa: o 13 de xuño do 1995 anuncia o reinicio, con carácter temporal, das probas nucleares no Pacífico Sur e en xullo do 1995, endurece a postura ante os serbios de Bosnia co envío dunha forza de reacción rápida para a defensa dos efectivos da ONU e a participación da aviación francesa nos bombardeos da OTAN a finais de agosto.

Sumouse ós dirixentes occidentais partidarios da máxima dureza co presidente iugoslavo, Slobodan Milosevic, ó que en outubro do 1996 recibira no Elíseo. Daquela, co chanceler socialdemócrata Schröder, aveuse a recompoñer o eixe franco-alemán mentres ó tempo, recibía o novo primeiro ministro laborista, Tony Blair. En Francia xa se encaixaran tres triunfos da centro-dereita desde os oitenta (1986, 1993, 1995). Tralo 11-S, Chirac foi o primeiro mandatario europeo que visitou ó presidente Bush, o 18 de setembro, para expresarlle as súas condolencias e ofrecerlle a "total colaboración" de Francia na estratexia de resposta militar no seo "dunha coalición mundial contra o terrorismo". EEUU seguiu coas intervencións pola súa conta sobre as accións multilaterais con mandato da OTAN, onde Francia e os demais aliados europeos invocaron a autodefensa colectiva. No verán do 2001, retornaron a un primeiro plano os sumarios sobre as súas manobras no Concello de París, a adxudicación irregular de vivendas sociais pola mesma corporación e o pago entre 1992 e 1995, con fondos de dubidosa orixe, de viaxes privados de Chirac e da súa familia. Chirac regresou para conquistar a eternidade. Din que disposto a redimir e reencontrarse coa Francia de abaixo, exiliada da política no case 40% de abstención. De prodixiosa lonxevidade na vida política, terminará o seu mandato con 75 anos. De momento, Chirac mostrou co mandatario socialdemócrata alemán as súas "reticencias" a unha intervención en Iraq.

[Vladimir Putin, o amigo]

¿Quen é Vladimir Putin (San Petesburgo, 1952)? A pregunta que inquietaba en Occidente a finais do 1999, fica pechada: un novo amigo. O retrato deste home de 49 anos, "de ollos en alerta permanente", como o retrata a xornalista Pilar Bonet, está inacabado, pero foi adquirindo matices entre o día no que, esgotado Boris Eltsin o designou como delfín e o momento en que Putin chamou ó presidente norteamericano George W. Bush para solidarizarse con el. Putin sentiuse aludido polo dilema que Bush presentou ó mundo: ou aliñarse cos Estados Unidos e os países con valores occidentais ou porse a carón dos marxinais e periféricos. "Dezacito (membros do consello de estado e os xefes de grupo da Duma) estiveron pola neutralidade; un, polo apoio ós talibáns e dous, a favor de aliñarse con Occidente", informou Yavlinski, un dos dous políticos que apostou por un rumbo prooccidental. Pero Putin mantivo, en contra da maioría, a decisión que xa adoptara: o xiro da política exterior de Rusia cara a Occidente; auténtico piar das súas aspiracións de modernización do Estado e integración deste nos lobbies que teñen as rendas do mundo. A primeira etapa do home, educado para ocultar as súas emocións, é a crónica que empeza como axente secreto e segue como responsable municipal. Nada máis licenciarse, en 1975, empezou a traballar na sede local do Comité de Seguridade do Estado (KGB). Durante quince anos, Putin foi un extremadamente discreto, por reservado, axente da KGB. No 1990, abandona o servizo activo na organización e entra no círculo de colaboradores de Sobnack, o seu antigo profesor na facultade de Dereito, e un dos máis preclaros partidarios da perestroika de Gorbachov. Ese mesmo ano dáse de baixa na KGB e pasa a dirixir o comité de relacións internacionais no concello de Leningrado. Na antiga cidade dos tsars e movendo contactos da súa época como espía, contribuíu a que importantes firmas alemáns fixeran os seus investimentos en infraestruturas, anque as preguntas a presuntas irregularidades na concesión de licencias de exportación de metais a produtores locais foron obxecto de investigacións. No 1995, foi elixido para encabezar a sección local de Nosa Casa é Rusia (NDR), partido centrista organizado polo primeiro ministro Viktor Chernomyrdin e que daquela constituía o soporte político do presidente Boris Eltsin. Dous anos máis tarde estaba á fronte do Servizo Federal de Seguridade (FSB), que sumaba as competencias de intelixencia no exterior e as tarefas de seguridade asumidas pola KGB.

Entón, viría a pregunta: ¿quen é Vladimir Putin? As especulacións ían dende un nomeamento que apelaba a un ex oficial familiarizado coas cuestións de espionaxe ata os que falaban dun "nomeamento político" que incidían na súa lealdade a toda proba e na súa aversión a roubarlles

protagonismo os seus xefes. En 1999, un Eltsin moi minguado de saúde, nomeou primeiro viceprimeiro ministro e primeiro ministro en funcións, por ser "a persoa capaz de consolidar a sociedade e obter os apoios necesarios para asegurar a continuidade das súas reformas". Identificado como o último favorito da Familia—a camarilla de colaboradores íntimos de Eltsin— Putin, o quinto primeiro ministro nomeado por Eltsin nun ano e abundando na súa sonda de duro e imperturbable, elabora a estratexia fronte ó conflito checheno. Del é a decisión de cortar a desestabilización do Cáucaso na súa raíz, mediante a invasión e ocupación de Chechenia. Os atentados en localidades de Daguestán e no mesmo Moscova, onde morreron decenas de persoas en dúas explosións, mobilizaron a opinión pública a favor dun contundente castigo á República de Chechenia, pese a que a conexión establecida por Putin, ou incluso a natureza das accións como cometidas por rebeldes checheno-daguestanis, non foi demostrada; algúns barallaron a autoría destes servizos secretos rusos, con inconfesables propósitos. Chegou a definirse como o *Bruce Willis ruso* e deu instrucións para incrementar as ofensivas ata o esmagamento total da resistencia chechenia.


Un ensaio de Xulio Ríos, director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Idagi), mostra cómo a guerra de Chechenia lle serviu a Putin para invocar o patriotismo, unificar as Forzas Armadas arredor da causa e lograr que o apoiase a opinión pública. Unha operación militar, represiva e planificada, que foi consentida polos Estados Unidos e a Unión Europea, que seguen apostando por non desestabilizar o Goberno de Moscova ante o temor dun avance dos neocomunistas ou un golpe militar. "Moscova—mantén Ríos— necesita dominar o Cáucaso norte para evitar a consolidación doutros eixes alternativos". A victoria nas lexislativas proxectouno á xefatura de Estado, sendo, en palabras do ensaísta galego, un "herdeiro do poder por transmisión". As condicións coas que pechou o trato de transferencia do poder coa Familia que os rusos confirmaron nas urnas en marzo do 2000, é un dos segredos mellor gardados de Rusia. "O dereito a sufraxio en Rusia non equivalería a poder real de decisión senón a un instrumento de convalidación dunha elección realizada previamente por unha pequena corte, que debe equilibrar os intereses dos grandes poderes fácticos: económico, financeiro, burocracia, empresas mediáticas e militares". É a Rusia pseudodemocrática de Putin que, en palabras de Gorbachov, "non era constitutivo de ningún perigo para a democracia". Para uns, latexa unha especie de capitalismo de estado; para outros albíscase un modelo socialdemócrata clásico e mixto. O afundimento do *Kursk*, en agosto do 2000, foi para el unha proba semellante á que supuxo o accidente na central nuclear de Chernóbil para Gorbachov, en 1986. ¿Quen é Putin? De momento, reorganizou por decreto o sistema de emisarios do Kremlin nos entes que compoñen a Federación, reforzando o poder do centro sobre as rexións e someter os seus dirixentes "discolos". No Bundestag leu un discurso en alemán, o que para moitos é mostra dun gran talento. Na súa mitoloxía inclúese dende o príncipe Voljonski (personaxe de *Guerra e Paz* de Tolstoi) ata Batman, Catalina a Grande podería ocupar un lugar superior ó de Pedro I, porque Pedro naceu ruso, pero Catalina naceu alemana e a súa relación con Rusia foi unha entrega voluntaria que Putin quixera ver repetida.

[Bush II]

George W. Bush (New Haven, Connecticut, 1946) tomou posesión como 43º presidente dos Estados Unidos o 20 de xaneiro do 2001. E con el, a historia repítese. Continuador dunha estirpe política, o máis vello dos catro fillos do ex presidente George H. W. Bush (1989-1993), pasará á historia cunha nova doutrina Bush: a agudización do unilateralismo e os enfoques belicistas. Os Bush eran dunha familia aristocrática de Massachusetts, na tradición dos wasp (brancos, anglosaxóns e protestantes) que acrecentaran o seu patrimonio con negocios afortunados de Wall Street. George Bush Jr. medrou e educouse no estado sureño de Texas, ó tempo que o seu pai emprendía unha próspera carreira na industria do petróleo ata que no 1964, e pese á mediocridade do seu expediente académico, matriculouse na prestixiosa Universidade de Yale. Catro anos máis tarde abandonou as aulas cunha licenciatura inferior en Historia, comeza a traballar na industria enerxética como intermediario no comercio de minerais e investidor en pros-



O Rei Fahd de Arabia Saudi de vacacións en España, recibe o Rei de España, Don Juan Carlos de Borbón, no seu Palacio de Marbella



Bustos que corresponden a Xiaoping (esquerda) Zedong (no medio) e Jiang Zemin

peccións petrolíferas, para o que montou a sociedade Bush Explorations. No 1978, reuniu os cartos suficientes para seguindo o ronsel do seu pai—daquela xa tiña ás súas costas unha dilatada experiencia no servizo público como congresista, embaixador e director da CIA— abrir a súa propia empresa de explotación de hidrocarburo, Arbusto Energy, arbusto é a tradución ó español da palabra inglesa *bush*.

De empresario petrolero pasa a gobernador estatal. Fóra de Texas e dos Estados Unidos adquiría notoriedade por gobernar o estado en que máis condenas a morte se aplicaban, polo método da inxección letal. Un dos casos máis sonados foi, en febreiro de 1998, o de Karla Faye Tucker, a segunda muller executada en Texas desde 1863 e a primeira en todo Estados Unidos desde 1984. Pese ás peticións de clemencia de Amnistía Internacional, do Parlamento Europeo ou do Papa, Bush, partidario incondicional da pena de morte, asinou a aplicación da sentenza coa mesma dilixencia, como se dun trámite administrativo se tratara. Cando cesou como gobernador en xaneiro do 2000, as execucións en Texas desde 1982 rozaban as 250, das que Bush autorizara 152 en seis anos. O éxito en Texas animou a Bush a embarcarse unha empresa máis ambiciosa: a presidencia dos Estados Unidos. Antes do 1994 non estaba claro se ía ser George o elixido ou o seu irmán menor, Jeb, para seguir os pasos do pai, xa que o seu currículo tiña unhas pasaxes politicamente incorrectas: apercibimento por expulsión de Harvard por mala conduta; afección ó alcohol, do que conseguiu rehabilitarse en 1986; arrestos por furto e por conducir pequeno (o último no 1976) e a sospeita de consumir drogas brandas. Pouco despois das eleccións de 1998, que George H. Bush conquistou, o George W. Bush volveu para Texas, concretamente a Dallas, onde organizou un grupo de ricos investidores (incluído el mesmo) que comprou o equipo de baseball profesional Texas Rangers. Negocio do que logo de investir 60 mil dólares, rendeu 15 millóns, cando o club foi vendido no 1998. En marzo de 1999 anuncia a súa candidatura, identificándose dende o primeiro momento como o home do aparato do partido e favorito nas primarias dos republicanos. Vellas caras das administracións de Reagan e do seu pai, mallo apoio total dos sectores máis da dereita, reportáronlle a Bush a imaxe dun candidato prefabricado, de limitada achega persoal e de escasos coñecementos como para pretender acceder á presidencia do estado máis poderoso do mundo. Nunha entrevista televisada, un xornalista preguntoulle polos dirixentes de catro países: India, Paquistán, Taiwán e a república de Chechenia e só puido dicir, a metade, un deles: "o presidente Lee de Taiwan". Noutra volta confundiu Eslovenia con Eslovaquia ou chamoulle ós habitantes de Grecia "grecianos" (*Greeccians*). Xogou a ser candidato da tradición, das clases medias brancas hostís ó poder federal e as súas pretensións anque causou sensación cando, rompendo coa usanza do seu partido, apostou pola integración dos hispanos na sociedade. Rodeado de xentes inequivocamente comprometidas coas administracións republicanas, identificadas polo seu culto ó individualismo, a defensa clasista e o enriquecemento insolidario, Bush incide na vertebración social, nas obras caritativas da igrexa (el, pertence á metodista anque a familia Bush é Episcopal) e os gobernos locais. Mascarón de proa da dereita máis reaccionaria, Bush desenvolveu unha "ofensiva do encanto", apelando á simpatía das minorías, multiplicando as súas comparecencias populistas e presentándose como un pai de familia vaqueiro e campestre desapegado dos engorros burocráticos. As presidenciais do 7 de novembro do 2000, ás que os dous candidatos que contaban chegaron cobrado a cobrado, pasaron a historia electoral de Estados Unidos como as máis axustadas, caóticas e fraudulentas. Gore, co 48,4%, superou a Bush en cinco décimas en votos populares pero este, gracias ó sistema de *winner take-all* ("todo para o gañador") asegurouse os votos electorais—246 de 29 estados—e adiantouse no estado crucial de Florida, que achegaba os 25 compromisarios que lle faltaban. O estreitísimo da vantaxe de Bush no estado gobernado polo seu irmán, desencadeou un envurullado proceso de demandas de recontos manuais de votos erróneos, contraordres para parar os escrutinios e imputacións de fraude, coa implicación dos servizos xurídicos dos candidatos e os tribunais de Florida e Estados Unidos.

Con contundencia sobre a súa plataforma dereitista, Bush empeza a aplicar o seu programa. De entrada, iniciou os procesos de suspensión das últimas disposicións do seu predecesor nos terreos social e medioambiental, como a preservación da explotación económica de 23 millóns de hectáreas de bosques, a venda en farmacias da pílula abortiva RU-486 con cargo ós cartos públicos (excepto nos casos de violación e grande risco para a nai) ou as directrices sobre o programa Medicare de asistencia sanitaria á terceira idade. Seguiu o plan, aprobado pola Cámara de representantes, para abrir a reserva natural ártica de Alaska ás prospeccións petrolíferas e completouse coa retirada de fondos ás organizacións internacionais que inclúen o aborto entre as fórmulas de planificación familiar e desmantelou o directorio da Oficina Nacional da Sida que se encargaba da cooperación internacional no combate contra a enfermidade.

Entre as numerosas proezas do home máis poderoso do mundo e para consternación internacional, Bush desvelou a través do seu portavoz que rexeitaba os compromisos do protocolo de Kyoto do 1997 sobre o cambio climático porque, apostilou, "non ía no mellor interese económico" de Estados Unidos. A actitude contrarcorrente de Kyoto non é excepcional. O enfoque belicista, co seu novo concepto de defensa que busca dotar as forzas armadas de sistemas armamentísticos de nova xeración faise, máis que patente, insupportable. Hoxe por hoxe agudízase o unilateralismo e máis que nunca, Estados Unidos demostra non estar sometido nin a límites xeográficos nin a lexislacións internacionais.

Será o 11-S o que marque un antes e un despois nun estado todopoderoso que se pensa intocábel e afeito a guerrear fóra dos seus límites domésticos. Acentúase –máis se cabe– o papel de imperator, oculto en máximas como "misión humanitaria"; en bloqueos económicos ou nos chamados procesos de democratización. Declárase a guerra total contra o terrorismo. Primeiro Afganistán; agora Iraq e, como apuntaba o propio Bush, mesmo Corea porque, Estados Unidos é quen de manter máis de dúas fronteiras abertas, consciente de que os seus movementos tamén terán a cobertura esperada (Israel). Desafiante, o presidente norteamericano pon en marcha o seu novo concepto de defensa que busca dotar as forzas armadas de sistemas armamentísticos de nova xeración. Onte dixó que "se lle acaba a paciencia", "que estaba farto" con Iraq e con Saddam Hussein, noutroua un dos mellores "amigos" dos Estados Unidos. E posiblemente como Bush pai, o Bush fillo emprenderá unha acción bélica contra un inimigo, cun bloqueo económico dende hai case dez anos, que non pode defenderse.

[Blair, o incondicional]

Tony Blair (Edimburgo, Escocia, 1953) creceu en Durham, unha cidade industrial no norte de Inglaterra. O pai, Leo Blair, avogado e ex presidente da Asociación Conservadora de Durham, era fillo ílexítimo dunha parella de artistas que tomou o apelido Blair da familia que o adoptou. De pensamento conservador e cun sentido da moral, tipicamente anglicana, a influencia do seu pai, xa retirado logo dun infarto durante unha campaña ó Parlamento no 1963, é evidente naqueles anos nos que Tony Blair foi educado nun centro de ensino privado: unha circunstancia que recorda con ironía xa que os tres primeiros ministros conservadores que o precederon –Edward Heath, Margaret Thatcher e John Major –educáranse en colexios públicos. Dispúxose, como o pai, para ser avogado e anque tocou a guitarra nunha banda de rock (Ugly Rumors) e colaborou na revista Q, Blair foi un estudante convencional que non demostrou ter iniquidades políticas ou querenza pola notoriedade, a pesar de que os activismos de esquerda proliferaban nas aulas. No 1975 licenciase e inopinadamente, á luz dos seus antecedentes familiares, afíliase no 1976 ó Partido Laborista. Blair exerceu como letrado nas salas dos tribunais de 1976 a 1983, especializándose en cuestións de emprego e leis industriais. Logo dunha serie de folgas de traballadores nos últimos meses do 1978 –un período coñecido como o Inverno do descontento– o Partido Laborista era tildado como unha formación controlada polos sindicatos nacionais, conseguindo Thatcher e os tories capitalizar o descontento do electorado e unha axustada vitoria no 1979 co que se inicia unha era, os vinte anos seguintes, de dominio conservador.

A súa oportunidade chegou coas eleccións parlamentarias do 1983 coa circunscrición de Sedgefield, en Durham. É a primeira noticia de Blair no campo político, renovando regularmente o escano ata hoxe. Presentado por moitos analistas como un transformador do laborismo, Blair representaba a nova dirección, afastada da ideoloxía tradicional de esquerda e da tendencia socialista que caracterizaba o partido desde finais dos setenta ata os oitenta. Renovador, pragmático e proeuropeo, as súas propostas supuñan un xiro cormpenciano con respecto, por exemplo, ós que incluían a retirada do Reino Unido da entón Comunidade Económica Europea, o desarmamento nuclear unilateral e unha política decididamente intervencionista. Blair foi quen de crebar a influencia dos sindicatos polo desprestixio que adquiriran desde as folgas salvaxes dos setenta, declarando que as trade unións debían limitarse ó seu labor sindical e deixar a política para os políticos. Tales reformas situaron o Novo Laborismo de Blair como unha alternativa real de poder. Aínda así gustaba definirse de "reformista radical" ou como "un socialista de valores", non tivo complexos para tomar o máis conveniente dos repertorios laboristas e conservador, ata construír un discurso e unha imaxe centristas. Ou clintoniano, como se dicía. Anque para algúns dos seus colegas, era un auténtico liquidador do partido, anque para outros a operación Blair tiña un calado revolucionario. Frases como "unha sociedade forte non debería ser confundida cun Estado forte" ou "o país necesita máis xente capaz de facerse rica a través dos cartos que poidan gañar", poderían ter sido ditas por un thacherista furibundo. De cara ás eleccións do 1997, o equipo de Blair ideou un discurso moi desideoloxizado, afastado da socialdemocracia e cerca do capitalismo social. Comprometeuse daquela



George Bush e o Putin, á dereita, durante a sinatura do Tratado de desarme

cos reforma do estado do benestar, a dotación de infraestruturas autonómicas a Gales e Escocia, a elixibilidade por sufraxio universal da Cámara dos Loreos ou a mellora do sistema educativo. Blair, que fora o portavoz da oposición parlamentaria en asuntos relativos ó tesouro de 1984 a 1987, e para os aspectos relacionados co comercio e a industria do 1987 a 1988, foi premiado polo electorado cunha maioría absoluta: o mellor resultado para o Partido Laborista desde os anos de Harold Wilson, tres décadas atrás, e da súa primeira vitoria desde o 1974. O 2 de maio Major dimitiu e Blair, con 43 anos, converteuse no premier máis novo desde Lord Liverpool, en 1812. O novo talante do executivo laborista sêntese cómodo cunha UE de xeometría variable na que o Reino Unido pode decidir a qué se compromete e a qué se exclúe, sendo no debate sobre a reforma sumamente receloso sobre a eliminación do dereito a veto e a extensión por maioría cualificada. Presidente de quenda do Consello Europeo no primeiro semestre do 1998, Blair fai no consello de Cardiff unha inopinada profesión de fe no euro ó presentalo como "un polo de estabilidade para a economía europea", nun momento no que os efectos da crise asiática se facían notar. En todo caso o que si deixou claro é "a relación especial" con Estados Unidos: a potencial americana é, segundo apuntou, esencial na defensa de Europa e non puña en cuestión a súa primacía no patrocinio do proceso de paz de Oriente Próximo. Anque Londres foi un dos escenarios para o encontro entre o líder palestino Yaser Arafat e o primeiro ministro israelí Ehud Barak, o Goberno británico –a diferencia dos auspicios de Chirac– conferíulles a estas reunións un transfondo norteamericano, recordando o papel mediador da UE, "complementario" dos EE.UU. Revelábase como o máis encendido partidario do ataque militar da OTAN a Iugoslavia no 1999. Tralos bombardeos, o continente británico de 13.000 unidades, era con diferenza o máis numeroso das forzas de pacificación (KFOR). A estes sumábanse os 5.500 efectivos despregados en Bosnia-Herzegovina noutra misión da OTAN, SFOR. Son, en todo caso, exemplos do novo internacionalismo que non escatima "intervencións alí onde os dereitos humanos sexan masivamente vulnerados".

Pero Blair tamén cooperou e coopera estreitamente cos Estados Unidos no acoso militar a Iraq de Hussein: atrás queda a operación raposo do deserto, con bombardeos de 16 ó 20 de decembro do 1998 "en represalia polo boicot de Bagdade ó programa de inspeccións militares da ONU. Neste caso Francia, como Rusia, era partidaria de levantar as sancións económicas e cambiar a estratexia. Tal está sendo a súa incondicionalidade de EE.UU. que cando este Estado presentou o seu proxecto de Defensa Nacional Antimísiles (NMD), para destinarse a protexerse de ataques nucleares de estados "incontrolados" dotados desta tecnoloxía, Blair foi o único mandatario europeo da OTAN en expresar a súa aprobación. Nada cambiou coa chegada do socialdemócrata Schröder, en outubro de 1998, á chancelería de Bonn que suscitara especulacións sobre a aparición da alianza anglo-alemana en detrimento do eixe franco-alemán, moi afectado pola saída de Kohl, as aspiracións nacionalistas de Chirac e o enfoque social que desexaba imprimir o Goberno socialista de Jospin. Aquel ano Blair acabou de articular a súa lectura do laborismo co concepto de Tercera Vía. O termo –que estaba empregando nese momento Anthony Giddens, director da Londres School of Economics, nun ensaio esclarecedor baixo o título 'A terceira vía: a renovación da socialdemocracia'– é en realidade un revival da expresión pois o mesmo Mussolini, a usara para definir o seu proxecto totalitario e corporativista na Italia de preguerra. Tamén se empregou para aludir ó modelo de Perón en Arxentina. Sería o novo centro, en expresión do chanceler alemán no que se pulsaba pola renovación da esquerda ou o centro-esquerda coa asunción sen complexos da desregulación económica, a flexibilidade laboral, a rebaixa da presión fiscal e, en definitiva, a redución do papel do Estado. Facíase propia unha frase de Jospin: "apoiamos unha economía de mercado, pero non a sociedade de mercado". Blair, vicepresidente da Internacional Socialista, aliado incondicional dos Estados Unidos, segue recibindo apoios máis cálidos do campo centrista e mesmo conservador que do socialdemócrata. Sen dúbida, o movemento demostrábase andando e hoxe Blair quere ser parte activa e participe da escalada belicista do mundo: a Armada Británica, co continente máis numeroso que se mobilizou dende hai máis de vinte anos, leva días esperando no Golfo. Espera nova orde coa consigna de Bush: invadir Iraq.

[Zemin, o terceiro emperador]

Jiang Zemin (Jiangsu, 1926), que sucedeu, en xuño de 1989, ó seu mentor Deng Xiaoping quería converterse no "terceiro emperador vermello" de China. Os seus rivais presaxiaron o seu ocaso logo da morte do patriarca e nunca algún tivo tal fulgurante ascenso. Claro que os rivais de Zemin, descrito na súa biografía oficial como un home "modesto e cortés", enganáronse. A penas sete meses despois da morte, pasou a ser nomeado nos primeiros tres cargos do sistema: xefe de estado, secretario xeral do Partido Comunista e presidente da forte comisión Militar Central.

O número un chinés era un simple personaxe da transición que logrou situíarse á cabeza do partido case de improviso, na confusión pola revolta estudiantil e os sucesos da praza de Tiananmen, en xuño do 1989. Terceiro de cinco irmáns, o seu pai, un electricista con incursións na docencia, accedeu a que o neno fora adoptado pola familia do seu irmán, un membro do PC que morrera combatendo o invasor xaponés, para que tivera un descendente varón. Os seus tíos, expoñentes do ambiente intelectual e cultural da provincia de Jiangsu, proporcionáronlle unha educación esmerada, primeiro nunha escola rexentada por misioneiros estadounidenses e logo na prestixiosa Universidade de Xangai, pola que se licenciou en Enxeñaría eléctrica en 1947. Antes, ós vinte anos, entra no PC. No 1995, viaxa a Moscova a un curso de formación dun ano na Fábrica de Automóviles Stalin, traballando, de regreso a China, no sector da industria pesada, ocupando entre o 1957 e 1962, diversos postos dependentes do Ministerio de Maquinaria Industrial. Nos 18 anos seguintes Zemin, proseguíu a súa carreira de alto funcionario técnico do aparato industrial e sen ambicións políticas aparentes: unha sorte de anonimato que lle permitiu superar indemne os estragos da revolución cultural (1966-1972) así como as loitas internas no PCCh que precederon e, por breve tempo, sucederon á morte de Mao en setembro do 1976.

No 1978, Jiang foi promocionado a instancias de Xiaoping, o novo home forte e recrutado polo presidente do partido e primeiro ministro, Hua Guofeng, considerado un dirixente de transición entre o maoísmo e a era das reformas económicas auspiciada por Deng. Definitivamente gañado para a dirección política, no 1982 Jiang foi nomeado viceministro e ó ano seguinte, ministro de Industria Electrónica.

Será no 1986 cando comece de cheo a súa carreira política, ó ocupar a alcaldía de Xangai onde o seu nome vai ligado ás reformas capitalistas da cidade e un ano despois, pasa a ser secretario do partido da maior cidade de China. Máis viaxado que os seu colegas, Jiang podía depalear sen necesidade de intérprete cos interlocutores anglosaxóns, rusos ou romaneses, así como ler documentos redactados en francés ou en xaponés. Xangai, que nos anos 20 e 30 se fixo famosa como a metrópole máis europeizada e buliciosa de Oriente, converteuse no reflexo dos cambios que con Deng á batuta e a toda velocidade transformaban China. En novembro do 1987, resulta elixido para integrar o exclusivo buró político do Comité Central, de 18 membros, converténdose no sexto dirixente na xerarquía do Partido. Salta ó liderado como herdeiro de Deng que aplaudiu a forma de actuar de Zemin nas grandes manifestacións de 1986 cando miles de estudantes se lanzaran ás rúas de Xangai en demanda de reformas de máis calado: o naquel momento alcalde non lanzou as forzas de seguridade á rúa, senón que levantou unha cortina informativa, esperando que a protesta se desinchara. Era Zemin a terceira opción do patriarcado para asegurar a sucesión, despois de ser destituídos os dous primeiros candidatos, que fracasaran nos seus intentos por controlar as manifestacións estudiantís dos anos 1987 e 1989. Así, convertido no delfín de Deng, que o cualificou como "o núcleo dunha terceira xeración de líderes" (logo de Mao e el mesmo), entendeu perfectamente o ensino do *Pequeno Temoneiro*, sintetizado na fórmula dunha ampla reestructuración e liberalización económica sen o menos menoscabo da ortodoxia política. Erixese actor principal da política exterior chinesa, cos obxectivos de superar o illamento, vigorizar os investimentos e recuperar, e logo acelerar, os intercambios comerciais. A meta: superar o ostracismo internacional tras Tiananmen. Hai indicios de que os primeiros momentos da gran protesta da primavera de 1989, iniciada por Beijing e contaxiada a Sanghai e outras cidades, Jiang foi proclive a algún tipo de diálogo cos estudantes. Jiang encargouse de frustrar a traslación á cidade da costa dos campamentos e as arengas dos estudantes de Beijing, para o que percorreu a un forte despregamento policial e a un férreo bloqueio informativo que incluíu o peche do xornal máis liberal do país, o *Diario Mundo Económico*. Nos días de incerteza que seguiron a matanza do 3 e 4 de xuño do 1989 na praza pequinesa de Tiananmen, Deng sorprendeu a todos escollendo a Zemin, que nin sequera formaba parte do restrinxido sanedrín do poder para poñelo á fronte da Secretaría Xeral do Partido. A designación foi vista como unha solución de compromiso, ó reunir na súa figura o compromiso coas reformas, pero sen excesos liberais e a fidelidade á liña ideolóxica, igualmente maticada por non situalo nitidamente entre os partidarios da represión violenta sen contemplacións. Cando o 9 de xuño Deng felicitou os militares polo "gloriosa sufocación da rebelión contrarrevolucionaria" engadiu un chamamento a continuar coa política de reformas. Isto interpretouse como un mandato para Jiang, que intensificou a purga masiva de xornalistas, reponsables dos medios de comunicación e autoridades académicas. No 1992 introduce o concepto decisivo de "economía socialista de mercado" e define o socialismo de características chinesas como: "repartir os recursos derivados da economía de mercado e aplicar o principio socialista da protección social e a mellora da situación do traballador. A outra característica é que seguirá prevalecendo a propiedade pública, que forma parte da tradición chinesa". Para lograr non só que se adoptara a súa ambiciosa reforma do sector estatal senón tamén pechalle o paso ó seu principal rival, Qiao Shi, Zemin consagrouse como o gran vencedor do XV Congreso do Partido Co-



Convención nacional da Muller en Paquistán



O sábado pasado, o pobo norecoreano saíu ás rúas en apoio o seu líder, Kim Jong Il que retou ós Estados Unidos co reame nuclear

munista no 1997, o mesmo ano que morría o *Pequeno Temoneiro*, Deng Xiaoping. Abrese a cooperación con Rusia e a aproximación á Unión Europea, a cuestión taiwanesa como interferencia nos vínculos cos Estados Unidos e o inopinado comediemento coa administración Bush marcan os últimos momentos dun líder de despedida suave e sucesor preñado: aquela persoa é Hu Jintao, o relativamente pouco coñecido número cinco da xerarquía do partido e vicepresidente da República, considerado un reformista da cuarta xeración de líderes. Jiang foi, segundo os analistas, o alto dirixente máis cosmopolita que tivo China, así como un dos máis cultos: amante da poesía e da música clásica ten sorprendido os seus anfitrións con disertacións sobre Shakespeare e Tolstoi, execucións ó piano ou animosas exhibicións de canto, preferentemente karaoke.

[Hussein, o odiado]

Hussein (Al-Ajwa, Tikrit (Iraq), 1937) é, defíneno Noam Chomsky, como ese vilán, tan doado de odiar. Agochado nun búnker subterráneo ó mesmo tempo que un desolador bloqueio económico castiga a poboación, o presidente parecía completamente derrotado en febreiro do 1992: as forzas das Nacións Unidas devastaran Iraq en seis semanas durante a Guerra do Golfo, os sistemas de saneamento e as liñas de teléfono estaban completamente destruídas, as centrais eléctricas eran pasto das lapa e as estradas, completamente intransitables. Pero Hussein renace das cinzas. No libro 501, Chomsky fala dun asunto entre George Bush e Saddam Hussein xogando os dous a satífacen a súa audiencia e prestándose mutua asistencia. Un dato difícil de ocultar mesmo, dende a CBS, presentábase o bombardeo como o mellor agasallo que Bush podía facerlle a Hussein. E a historia repítese: primeiro Libia nos oitenta, Iraq nos noventa e Iraq no 2003. "Todos –mantén o analista norteamericano antes de abrir un sucinto relato– convenientes sacos de area". E o relato aclara: "Saddam é un vilán con todos os honores. Xa era vilán antes do 2 de agosto do 1992. Os seus peores crimes prodúcense, sen lugar para as dúbidas, durante o período no que era un aliado altamente admirado e fortemente apoiado polos Estados Unidos, cun apoio parecido ó de Israel. Crín que Israel era o único país do mundo capaz de bombardear un barco norteamericano, o Liberty, matar a 12 mariñeiros e non arrastrar ningún tipo de consecuencia. Equivoqueime. Iraq tamén o fixo. Bombardeou o Stark no Golfo, matou a norteamericanos, e saíu indemne porque era un país aliado. Eso sucedía no 1987, o período no que Estados Unidos apoiaba sen reservas a Iraq para asegurarse que gañara a guerra irano-iraquí. E así continuou ata que Saddam cometeu o único crime inescusable: desobedecer as ordes o 2 de agosto. Inmediatamente despois, ós poucos meses, EEUU volvía a apoiálo. Non é algo secreto. En marzo, inmediatamente despois de que terminaran os combates, Saddam dedicouse a masacrar os xiitas do sur e ós furdos do norte, mentres Estados Unidos permanecía impasible e lle brindaba asistencia. I final os curdos conseguiron algo de publicidade. Son arios e teñen os ollos azuis. Os xiitas non a conseguiron. Para eles é moito máis difícil. Todo isto pasou baixo o nariz das forzas norteamericanas. Algúns xenerais iraquís pedíronlle ás forzas norteamericanas que lles permitiran conservar algunhas armas para poderen enfrontarse ás tropas de Hussein. Norman, o treboento, permaneceu alí sentado, observando, quizais escribindo ó mesmo tempo as súas memorias. Informouse disto na prensa. Recibiu unha aprobación discreta nos medios de comunicación. Si, non nos gusta Saddam Hussein, pero debemos apoiálo en prol da estabilidade, é dicir, para seguir mantendo o noso poder na rexión. De feito, nesa época do goberno foi tan amable de explicar exactamente o que estaba facendo. Paga a pena prestar atención ás palabras que o voceiro goberamental lle concedeu ó *The New York Times*. Thomas Friedman, un alto diplomático, describiu a política de EE. UU. como axeitada, na que Estados Unidos estaba buscando "o mellor do mundo": unha xunta iraquí de man de ferro que goberne o país como antes da invasión de Kuwait, o que fixera Saddam, para satisfacción dos turcos, aliados dos norteamericanos e de Arabia Saudí e por suposto a completa satisfacción do xefe de Washington. Iso é o que querían. Está clarísimo, non se pode confundir a mensaxe. É explícita e lúcida. Querían un Saddam Hussein, e agora que se encontra nunha situación un pouco embarazosa queren un clónico, alguén equivalente a Saddam capaz de manexar a situación con man de ferro como antes o fixera esa personaxe. Os crimes son algo irrelevante. Si, el era diabólico, pero iso é irrelevante. O que é realmente relevante é que obedeza. É un modelo repetido na historia. Apoiámos a Hitler e a Mussolini por razóns semellantes. Fillo de campesiños sen terras o seu pai morreu só meses antes de el nacer e á idade de dez anos quedou ó amparo do seu tío materno, mestre de escola e un sunní devoto. De natureza violenta e partidario da acción directa, hai indicios que remontan o seu primeiro asasinato político, o dun militante comunista, cando tiña vinteun anos. A dirección do partido do Renacemento Árabe Socialista (Baaz), ó que se incorporou, incluíu a Saddam nun comando de dez homes coa misión de asasinar o primeiro ministro Kassem, en 1959.

Durante o atentado Hussein recibiría un balazo nunha perna e fuxiu ó estranxeiro, primeiro a Siria e despois a Exipto. En 1968 axudou a liderar a revolta que finalmente conduciu ó partido Baaz ó poder. Durante o proceso revolucionario, Hussein asumiu o cargo de vicepresidente, a partir do cal construíu unha elaborada rede de policías secretos que tiña como obxectivo perseguir os disidentes do réxime. Once anos despois do golpe de estado, o 16 de xullo de 1979, Saddam substituíu a al-Bakr, oportunamente xubilado por razóns de saúde, como presidente da República, presidente do Consello do Mando Revolucionario, secretario xeral do Baaz e comandante en xefe das forzas armadas. A pesar de carecer de calquera formación castrense, Saddam ostentaba o galón de tenente xeral desde 1973 e de xeneral desde xaneiro de 1976. Pero agora non tivo reparos en autonomearse Mariscal. Os anos de Saddam como revolucionario transformárono nun home sempre alerta do perigo dos disidentes. Pouco despois de conquistar o poder implementou unha violenta purga que levou á morte a decenas de membros do goberno, sospeitosos de falla de lealdade. No inicio dos anos oitenta utilizou armas químicas para poñer fin á revolta curda no norte de Iraq. A fama de poder de Saddam Hussein espallouse moito máis alá das fronteiras de Iraq; obsesionado en subxugar a todo o mundo islámico, atacou os países veciños para no 1980 invadir Irán, iniciando unha guerra de oito anos que non gañou. En agosto de 1990 invadiu Kuwait, país rico en petróleo, que proclamou como 19 provincia de Iraq e desafiou as Nacións Unidas ó non cumprir as directivas que o obrigaban a retirarse, dando pé a que se chamou a Nai de todas as batallas, a Guerra do Golfo. Hoxe a historia repítese.

[Koizumi, o rei león]

Os xaponeses tardaron anos en encaixar a derrota do seu emperador-deus na II Guerra Mundial e aínda 44 anos despois da fin da contenda, en 1972, o escritor luquio Mixima suicidábase polo rito do sepuke como protesta contra a opresión americana. A xeración xurrida da posguerra sería a encargada de superar os traumas e de asimilar as tensións culturais entre a tradición xaponesa e as presións occidentais. A esta xeración pertencete Iunichiro Koizumi, o actual primeiro ministro do Xapón, membro dunha xenea de políticos que comeza en tempos autocráticos do emperador-deus e que agora, en pleno século XXI, se lle presenta ós electores cos atributos dunha familia fiel ó espírito milenar nipón pero educada en Europa. Cando empezou a ser un personaxe con repercusión política, Koizumi sorprende polos seus inusuais cabelos longos, desordenados, entrecanos—alcumárono *O Rei león*—, a súa indumentaria extravagante, os seus divorcios, a paixón polo karaoke e o rock duro. A súa imaxe non encaixaba co estilo da clase política do país e permitílle cobrar personalidade propia e perfil de heterodoxo no seu partido, o Liberal Democrático, nun momento en que esta formación hexemónica e conservadora pasaba polos seus peores momentos de popularidade. O seu lanzamento á carreira de primeiro ministro iníciase en 1998 pero non conseguiu os resultados previsto ata o ano 2001, en que unha cadea de crises e ruptura de alianzas precipitaron a caída do primeiro ministro e Koizumi foi elixido como substituto. O seu lema “Cambiar o Partido Liberal, Cambiar Xapón” provocaba, ó principio, reticencias por parte da vella garda da formación pero Koizumi non tardou en dar mostras de que as súas eran novas maneiras—introduciu no goberno unha muller—pero que toda a súa lealdade estaba co partido. Era un heterodoxo, pero nunca sería un *outsider*. Na política económica, a súa xestión—revalidada con notable éxito nas última eleccións—centrouse en sañar a economía do país para adaptala ás regras da economía globalizada: liberalización, privatización, aumento do consumo e rebaixas sociais que, entre outras consecuencias, elevaron a taxa do paro ata cifras inauditas desde a fin da guerra, sen que—de momento—se rexistrasen grandes resultados. Na política exterior, Koizumi amosou o seu obxectivo de secundar a Estados Unidos no seu papel de árbitro, como o demostrou nas últimas campañas bélicas de Bush II, ó tempo que abriu a posibilidade de reformar a Constitución para permitir que o exército participase en misións de paz fóra do país.

[Vajpayee, o poeta]

Cando Atal Bihari Vajpayee e o Bharatiya Janata Party (BJP, Partido do Pobo da India) accederon ás máximas responsabilidades de goberno indio, tras un tumultuoso goberno de dous anos da Fronte de Esquerdas e o colapso do hexemónico Partido do Congreso (PC), ningún daba unha rupia por este poeta de estuadiada estratexia moderada, apoiado pola á máis radical e fundamentalista do espectro político. Nin Vajpayee nin o BJP estaban destinados a tal responsabilidade, pero as mortes de Indira Ghandi e do seu fillo Rajiv, en senllos atentados, deixaron ó PC sen a referencia de da familia Ghandi e ó partido que levava o país á independencia sumido nunha crise de corrupcións, liortas sucesorias e anquilosamento. Unha situación que hoxe previne



Centos de musulmáns rezando en pleno centro de Calcuta



Mobilización antiglobalización en Porto Alegre

coa muller de Rajiv á fronte, a italiana Sonia Ghandi. Aproveitando as augas revoltas e presentando como baza a limpeza de Vajpayee—vinculado á política desde os anos cincuenta—, o BJP logrou, en pouco tempo, asentarse no poder, axudándose en certo modo do recrudescemento da fobia de hindús e musulmáns e pola entronización do fundamentalismo islámico como o novo demo da cruzada estadounidense. De feito, Estados Unidos—outroza un inimigo polo achegamento de Indira á URSS—tomou a India como un potencial aliado na persecución de Bin Laden e Dheli foi escala de numerosos políticos norteamericanos. Nesa nova dinámica internacional, o BJP apareceu a ollos do electorado como o depositario dunha verdade milenaria e obtivo o seu primeiro gran triunfo popular ó retomar o Plan Nuclear, moi contestado pola comunidade internacional, preocupada por unha posible escalada bélica con Paquistán, tamén en posesión da bomba atómica. O tempo deulle a razón e os dous países enlorzáronse de novo nas súas habituais refregas fronteirizas por Caxemira, desta volta cos ánimos máis aporizados por un atentado en Nova Dheli que o BJP atribuíu a forzas sufragadas por Islamabad. A guerra estivo a punto de estallar e só a intervención diplomática de Estados Unidos puido poñerlle freo. O cabo, o acordo foi barallado como un novo éxito para Vajpayee. Un éxito absoluto que o BJP revalidou nas últimas eleccións—cunha maioría máis ampla—pese a poñer en grave perigo a aconfesionalidade da maior democracia do mundo e a dar síntomas—como nos enfrontamentos interrelixiosos de Guirát—dunha preocupante xestión de odio interrelixioso. A cuestión é delicada. Vajpayee e o BJP están termados por membros das formacións que, noutro tempo, atacaran ó propio Mahatma Ghandi e polas ideoloxías que xustificaron e instigaron o seu asasinato. Para distanciarse destas formacións, Vajpayee adoitou tomar posturas de independencia moral, mesmo cando se trata de defender a actuación do BJP no ataque á mezquita de Ayodha, que provocou máis de trescentos mortos musulmáns, ou cunha axenda social que inclúe proxectos para erradicar a intocabilidade das castas—non das propias castas—e a integración da muller no mercado laboral.

[Berlusconi, il cavaliere]

Sívio Berlusconi é o político máis procesado de toda Europa, pero a ferveza de procesos, as acusacións de corrupción e as súas presuntas relacións coa Mafia non impediron que os italianos, como noutra época fixeran co Duce, se entregaran cos brazos abertos ó regazo político deste personaxe que é, tamén, o home máis rico de Italia e un dos quince máis ricos do mundo. Fillo da clase media, cunha infancia difícil e unha vocación innata para facer cartos, Berlusconi (Milán, 1936) foi un audaz constructor (estaba fascinado por facer a cidade perfecta, ó estilo de Tomás Moro) que, a mediados dos setenta, empezou a interesarse polos medios de comunicación ata facerse cun auténtico imperio mediático, garantía posterior para su fulgurante carreira política. Foi a primeiros de 1994 cando, por fin e arroupado polo partido Forza Italia, fundado por el uns meses antes, que berlusconi entra na liza polo máximo poder político cun programa baseado no liberalismo económico e a limpeza do seu historial como garantía de acabar coa corrupción. Apoiado polos neofascistas da neta de Mussolini e formacións menores como a Liga Norte, il Cavaliere logrou nuns poucos un éxito nas eleccións sen parangón na historia electoral de occidente: converteuse en primeiro ministro. Este primeiro intento, sen embargo, non duraría moito. As investigacións xudiciais por corrupción, as folgas e as desavenencias entre os seus socios de goberno precipitaron as eleccións anticipadas e botárono á oposición. Desde esta oposición, cunha estratexia implacable contra o goberno de centro-esquerda que non soubo en ningún momento neutralizarlo, Berlusconi recuperou o poder nunha gran victoria electoral no ano 2002. Atrás quedaron os problemas coa xustiza, que comezan en 1979 e se eprolongan ata hoxe, cun abano variado de cargos e acusacións. Nunca pisou o cárcere gracias a recursos, suspensión de sentencias ou a precepções de cargos. Entre as numerosas fronte xudiciais cos que lidiou Berlusconi, figura a aberta polo xuíz español Baltasar Garzón, que lle solicitou ó Parlamento Europeo no ano 2000 que se lle levantase a inmunidade para procesalo por fraude fiscal.

[Kim Jong Il, o camarada]

Corea do Norte é unha espíña—e nada pequena—na historia militar de Estados Unidos e, ó parecer, cóstalle quitalla. Cando parecía que o réxime capitalista de Estados Unidos e o comunista de Corea ían polo camiño do entendemento, a tensión entre os dous estados chegou días pasados á máxima alerta pola decisión coreana de reanudar o plan nuclear para paliar a escasez de enerxía, punto que lertou a Bush II da posible creación dunha bomba nuclear. Último bastión do comunismo ortodoxo, Corea do Norte está rexida desde a partición da península en dous estados (norte e sur) por unha fami-

lia: primeiro por Kim Il Sung e, logo, polo seu fillo, o actual presidente, Kim Jong Il, nacido –segundo a lenda– en plena guerra contra o invasor xaponés, en 1942. O ascenso de Kim Jong Il non estivo exento de loitas internas no Partido Comunista e nin sequera o seu pai, nun principio, o tiña a el en mente para a sucesión, cargo ó que foi elevado en 1980. A súa xestión, a partir da morte de Kim Il Sung en 1994, non se distingue especialmente da do seu pai, alicerzada ideoloxicamente a súa xestión no *Juche*: "a unión monolítica do líder, o partido e as masas nunha soa forza motriz da sociedade, coa liberación do home como único obxectivo". King Jong Il ten a súa propia lenda negra, que o vencella con desaparicións misteriosas de altos madatarios do partido comunista ou con trágicos actos de terrorismo internacional. O seu goberno está marcado pola desastrosa situación económica do país, as acusacións de férreo control, a fame negra na que está sumida unha parte significativa da poboación e a aproximación ó seu irmán de Corea do Sur, feito este último que tivo unha repercusión positiva nas súas relacións con occidente, aunque a crise nuclear das pasadas semanas deixou claro que estaba só ante o mundo. As biografías do líder coreano –as oficiais e as oficiosas– traxeran o perfil dun home que, por unha banda escribiu numerosos ensaios e libros de versos, mentres que pola outra revelárono como un gran afeccionado ó cine (o seu heroe predilecto é James Bond: a última entrega do ciclo, paradoxalmente, deixa quedar en ridículo os coreanos e foi orixe dunha veheamente campaña social) e ten unha colección de case 30.000 cintas. Tamén lle gusta a vida nocturna e a compañía das mulleres.

[Fahd al Sa'ud, o rei]

Arabia Saudí é o único país que leva no seu nome o patronímico dunha familia: os Sa'ud. O actual monarca deste país, o rei Fahd é o fillo do fundador, en 1932, do reino, principal baluarte da wahabismo, unha secta fundamentalista sunní que descansa sobre a escola xurídica hanbalí, que prescribía que a *sharia* ou dereito islámico provén do *Corán*. A escola hanbalí está oposta a toda innovación racionalista. O credo encheu o conservadurismo deste estado de monarquía absoluta, que castiga duramente as prácticas homosexuais (é o índice de lapidación máis importante da área), o adulterio (tamén lapidación), o consumo de tabaco ou de alcohol. Arabia Saudí é o territorio onde se asenta a Meca, meta da máis relevante perigrinación musulmana e fonte de non poucos ingresos por turismo relixioso. O rei Fahd foi, desde sempre, antisoviético e pro americano. Como característica de actuación está a de castigar duramente calquera intento para intervir na orientación wahabista do estado e, ó mesmo tempo, unha paixón irrefractable polo luxo, punto de fricción esta última cunha á ultraortodoxa do país. Nos anos oitenta, o seu principal inimigo no mundo árabe era Irán e o seu amigo o Iraq de Hussein, en consonancia con Estados Unidos, daquela tan unido ó réxime autocrático de Bagdade. Como valuarte do islamismo, o rei Fahd –protector de Yasser Arafat– traxeu a primeiros dos oitenta o célebre *Plan Fahd* de paz para o oriente medio, que nunca se levaría cabo pola oposición que levantou no propio mundo árabe, incómodo porque recoñecía o estado de Israel. A guerra do Golfo en 1990 cambiou de rumbo das alianzas na área e achegou aínda máis Arabia ós Estados Unidos, tanto na compra de armas como na presenza de soldados norteamericanos en territorio saudí. O rei, por condescendencia co seu aliado norteamericano, mandou suspender as decapitacións e os castigos corporais públicos. Trala guerra, o monarca tivo presións para abrir un réxime de inspiración democrática, pero logrou temperar as protestas con lixeiras sesións de maquillaxe, sen sequera atreverse a abrir un réxime de partidos políticos. A pesar da súa amizade con Estados Unidos, Arabia Saudí, un dos tres estados que recoñeceu o réxime talibán en Afganistán, non deixou de ser un caldo de cultivo para as correntes máis fundamentalistas do Islam, como Osama Bin Laden, que artellou a organización Al Qaeda en terra saudí. Por entón, o rei Fahd tiña xa moi mermadas as súas cualidades físicas por unha apoplexia que sufriu en 1995. Substituíuno nas súas funcións de gobernante Abdullah, príncipe herdeiro desde 1982, máis conservador e interesado en estreitar lazos cos seus irmáns árabes en prexuízo da alianza norteamericana, unha liña que incomoda nunha das ramas das familias, presuntamente implicada nun intento de golpe de estado para derrocar ó rexente. O rei Fahd adota pasar unha boa parte do ano en Marbella e goza dunha estreita amizade co rei de España.

[Muxarraf, o militar]

Pervez Muxarraf foi, desde moi novo, un militar inquieto, nervoso. Naceu no actual territorio indio pero, como moitos paquistaneses, a súa familia trasladouse ó actual paquistán ó partir dos colonizadores ingleses a India en dous



Persson e Blair sentados con Jospin, de pé



O mandatario israelí Sharon



Pique e Berlusconi



O canciller alemán, o socialdemócrata Schröder

estados, un hindú e outro islámico. Recibiu a súa educación en escolas cristianas. Militar de carreira, considerado moi profesional e apolítico, Muxarraf chegou á cúpula do exército a finais dos anos noventa, cando foi nomeado xefe do Estado Maior e presidente da Xunta de Xefes de Estado Maior. A súa decisión de coller as rendas políticas do país forzouse, ó parecer, durante a crise de Paquistán coa India en 1998 pola guerra de Caxemira, nun momento en que o presidente Sharif baciou na súa política bélica e accedeu a certas presións dos Estados Unidos. A cuestión precipitouse cando Sharif quixo desfacerse de Muxarraf mentres o xeneral volvíaa a Paquistán dunha visita a Sri Lanka: anque o avión no que volvíaa, con case 200 persoas a bordo, estaba falto de combustible, o primeiro ministro ordenoulle ó piloto que non aterrizase en territorio paquistaní. A recación foi inmediata e Muxarraf ordenoulle ó exército que tomase o país. O 12 de outubro, Musharraf anuncioulle ó país que tomaba o poder, en principio como un tránsito para propiciar unha auténtica democracia e reconducir as crises de corrupción que se sucedían en Paquistán. Estados Unidos, que sempre mimara o país como presión contra a India, de orientación prosoviética, tanteou o terreo e acabou por aceptar ó xeneral. Economicamente, Muxarraf propuxo unha serie de medidas que nunca chegaron a variar significativamente os índices que colocan a este país musulmán en alarmantes signos de pobreza. Con India, o máis visceral dos seus inimigos, iniciou Muxarraf un acercamento que nunca foi estable polos receos mútuos e que reventou, pouco despois dos atentados do 11-S en Nova York, coa escalada de tensión entre os dous estados por causa de Caxemira. O 11-S, sen embargo, asentaría o xeneral a ollos de Estados Unidos co seu compromiso de prestar apoio aberto ó ataque ós Talibán de Afganistán, ós que Bush II culpou de prestarlle apoio a Bin Laden para perpetrar actos de terrorismo. Pola contra, a colaboación desestabilizou o réxime no interior do país, con multitudinarias manifestacións –artelladas pola á máis radical do fundamentalismo– en protesta contra Estados Unidos e o colaboacionismo de Paquistán, outrora defensor acérrimo do réxime Talibán: Islamabad mantivo aberta a embaixada de Afganistán ata o último minuto da guerra. Tras a fin do conflito, Muxarraf aínda se enfrontou a unha nova crise coa India co armamento nuclear por medio, unha crise que se saldou gracias á mediación de Estados Unidos e da comunidade internacional.

[Schröder, Napoleón do Sarre]

Gerhard Schröder (Mossemberg, 1944) é un home feito a si mesmo, capaz de superar os obstáculos máis difíciles e saír indemne das situacións máis perigosas. Fillo dun dos miles de alemáns que morreron na II Guerra Mundial combatendo ás ordes de Hitler, Schröder xurde da clase proletaria e traballa man con man coa súa nai para sacar adiante a familia. Foi albañiz, peón agrícola, estudou en clases nocturnas e, co seu esforzo, chegou a universidade, onde se fixo avogado, unha meta improbable para un rapaz sen cartos nin apelidos, xurrido dos estratos máis baixos da sociedade da postguerra. En 1963, ingresa no Partido Socialista e defendeu a Horst Mahler, un compañeiro de profesión acusado de pertencer a banda Baader-Meinhof. A súa entrada na política con responsabilidades deste marxista antiatlantista e antinuclear foi en 1989 co triunfo nas eleccións da Baixa Saxonia, da que foi presidente en coalición cos verdes, unha combinación que logo repetiría con notable éxito nas eleccións presidenciais. Desaxestión lémbrese, especialmente, pola adquisición con cartos públicos dunha siderúrxica en bancarrota para salvar os postos dos seus 12.000 traballadores, aunque as finanzas do estado nunca foran boiantes e os índices de paro superasen a media do país, algo que tamén se repetiría no seu período de presidente. A carreira presidencial chegoulle en 1998 despois dunha dura pugna co aparato do partido e dunha estratexia viraxe ó novo centro, en consonancia con Blair, que lle permitiu abandonar os lixes máis esquerdistas do seu programa. Ademais da moderación, Schröder tiña algo que o distinguía considerablemente dos outros políticos: encantábelo ó electorado co seu sorriso amplo e continuo, anque privadamente sexa coñecido polo seu estilo bronce e a súa ambición persoal. O seu triunfo superou as espectativas das sondaxes e deulle o goberno do estado ós socialdemócratas tras 16 anos na oposición. Unha vantaxe que, sen embargo, non logrou conservar nos seus catro anos de goberno, con polémicas decisións como a de colaborar no bombardeo de Serbia. E cando Schröder parecía caer se imposible a reelección, un golpe de efecto durante as inundacións da Alemaña do Leste deulle de novo o triunfo, desta volta cun postre de especial suculencia: a guerra de Iraq, á que el, desde logo, non parece disposto a colaborar, en unión con Chirac, co que forneceu o eixo franco-alemán no seo da UE tras varios anos de permanecer os dous países de costas entre si.

SOEADENOIA E a.r. IÓPEZ



RL

revista das letras 453

RL

Suplemento de O Correo Galego que aparece os domingos
Coordinación: A.R. Lopez e Sociedade Moia - P.O. Box 10001 - Lugo
Maquetingo: Carlos Botana
Fotografía: Chico Nivak
E-mail: Rdl@elcorreoogalego.es

Mundo Pacheco



Naceu en Portugal pero Vigo sería a cidade na que residiría e, ó cabo, a que lle daría, a cambio de convertelo no seu retratista por excelencia, unha fama universal. Chamábase de Jaime de Sousa Guedes Pacheco e foi o alentador dunha familia de fotógrafos que captaría coa súa cámara a historia do século en Galicia. O Concello de Vigo dedícalle estes días unha exposición que, con 150 fotografías, ocupa as salas da Casa da Cultura e a Aula Sociocultural de Caixa Galicia na cidade. Nela recóllese o labor do taller de Pacheco –con Jaime traballaban os seus sobriños Horacio e César, ademais dun nutrido equipo– ó longo de trinta anos,

Mundo Pacheco



entre 1910 e 1940. 150 fotografías que abranguen escenas da vida viguesa da época e algúns retratos, entre os que se inclúen un do pintor Carlos Maside, outro de Ramón Cabanillas e o máis famoso de Castelao. A exposición, que se clausura o vindeiro día 26, poderá contemplarse posteriormente no Círculo de Belas Artes de Madrid, Sevilla e no Círculo Fotográfico do Porto. O Arquivo de Pacheco consta de máis de cen mil imaxes que poderán ser vistas, a partir deste mes, en Internet. Deste xeito, a coleccións constituirá o maior museo fotográfico existente na rede. A colección foi adquirida polo Concello de Vigo en 1991. A través deste arquivo, Galicia en xeral e Vigo en particular recuperan boa parte da imaxe dun país e convértese na crónica dun século que os Pacheco percorreron cun asombrosos don da ubicuidade. Son, en certo modo, o símbolo dunha época que miraba o futuro co horizonte da esperanza, emocionada polos avances tecnolóxicos, a loita ideolóxica e a paixón de vivir.



Ribeira do Berbés. Anterior a 1923



Tranvía en Peinador. Cara ó 1920


n

unha Galicia tan necesitada de imaxes do seu pasado, o arquivo Pacheco supón a recuperación dunha memoria perdida. Personaxe lendaro, eficaz retratista e cronista dun tempo, dunha xente e dun país tantas veces esquecido, Jaime de Sousa Guedes Pacheco regresa agora á actualidade cunha extensa exposición que lle dedica estes días en Vigo e que, ó longo de 150 fotografías, abrangue trinta anos de actividade, entre 1910 e 1940, sen dúbida algunha a máis fructífera da súa traxectoria, coincidente cun vello de investigación republicano e coutado dramaticamente pola guerra civil.

De orixe portuguesa, e pertencente a unha familia de prestixiosa traxectoria na fotografía, hoxe aínda se descoñece o ano de nacemento de Pacheco, anque a orixe da familia se sitúa en Freixo de Espada-à-Cinta, na rexión de Tras-os Montes, cerca da fronteira de Salamanca. Sábese que a finais do século XIX, Pacheco abandonou Tras-os-Montes e estableceuse en Ourense, onde deixou as pegadas estéticas dunha arte que, posteriormente, incluíría Eduardo Blanco-Amor como referencia en *Xente ao lonxe*. É en Ourense, tamén, onde instala o primeiro cine da cidade, deslumbrado ante o invento que acababan de facer os Lumière e convencido de que o negocio lle ía rentuar notables ganancias. Sen embargo, Ourense non dá de si para as marxes comerciais e Pacheco inicia a itinerancia do seu proxector por distintas vilas da provincia para, finalmente, atopar o éxito nunha incursión por Portugal, ata chegar a Lisboa. Será un periplo que dure cinco anos e que, en certo modo, transformará, ó estilo dunha viaxe iniciática, a personalidade do xove Pacheco gracias ó contacto de círculos refinados onde descobre a lectura como vehículo de formación e a aventura como paixón creadora.

O regreso a Ourense, onde estaba establecido o seu irmán José, tamén fotógrafo, supón para Pacheco unha sorte de *split* que o impulsa a trasladarse a Vigo. É o verán de 1907 e o tempo no que Pacheco funda xunto a Cândida Otero –propietaria viúva dun taller de fotografía– a sociedade *Pacheco y Viuda de Prósperi*. A partir de aí, a actividade do fotógrafo vai coñecer un desenvolvemento intenso. Colabora con *Vida gallega* –a gran publicación de sociedade do país– e revistas como *El Progreso fotográfico* ou *Arte Fotográfico*, xurdindo arredor del a lenda de ser ubíquo e estar en todas as partes, en todos os sucesos, en todos os acontecementos.


Cando Cândida Otero morre (1915), Pacheco colle definitivamente as rendas do negocio e o taller pasa a denominarse *Fotografía Pacheco*, incorporando ós seus traballadores xente do círculo de Tras-os-Montes, como os seus sobriños Horacio e César, para posteriormente ir introducindo os seus fillos Jaime e Alberto, continuadores da saga. Baixo a supervisión do fotógrafo, o equipo vai documentar os cambios vertixinosos que se suceden en Vigo, que por aquel entón




Boxeador no estudio. 1920



Grupo de Cámara. Cara ó 1915





Bouzas. Anterior a 1927



Cine Odeón. Rúa Urzáiz. Cara ó ano 1920

acada os corenta mil habitantes.

O panorama expansivo acrecéntase coa aparición de *El pueblo gallego*, que xorde en 1924 impulsado por Portela Valladares, onde presentan as súas fotografías tanto Horacio como Jaime. "O apelido", escribe Vitor Vaqueiro en *Pacheco, testemuño dun século*, "adquiriu tal fama que fixo e fai aparecer a Pacheco como único ser, ubicuo e incommensurable, que é capaz de producir sen descanso decenas de miles de imaxes. A realidade é que, baixo o nome de Pacheco se esconde un grupo de persoas que traballarán o mesmo que unha máquina que obedecese unha engrenaxe perfecta. Certamente, existe un elemento –Jaime Pacheco–, arredor do cal se van sumando esforzos, e que serve de aglutinador dos demais compoñentes. Pero sería inxusto pensar que só el é o que realiza as imaxes. En efecto, a Jaime de Sousa Guedes Pacheco é necesario sinalrle un papel fundamental na produción das fotografías de estudio [... pero] non podemos esquecer, sen embargo, na realización de reportaxes de rúa, a función de Horacio [... ou] César, dedicado fundamentalmente ós labores de retoque".

A definitiva consagración do taller chegará na década dos anos vinte, en paralelo ó desenvolvemento de Vigo, símbolo dunha nova Galicia que, desde a pequena vila de pescadores, se converte no motor económico do país, cunha clase dirixente (en parte nutrida de inmigrantes cataláns) que levanta unha arquitectura acorde con esta importancia, tan distinta a cidade nos seus alicerces á base medieval de Compostela, A Coruña ou Pontevedra. É a cidade que, nesta década, lúe os cen mil habitantes.

Ámbito total

O catálogo de temas e fotografías que saen deste taller é inxente e o seu ámbito recolle a totalidade do universo vigués. Os retratos de estudio, xunto a ese inxente labor de reflectir a actividade da puxante cidade, os que institucionalizarán o estudio de Pacheco en Vigo, ampliado e reformado sucesivamente e atento a calquera innovación. "En miles de fogares vigueses", escribe Vaqueiro, "colocadas en miles de álbumes de familia, colgadas en infinidade de paredes, enmarcadas sobre miles de cómodas, de aparadores, armarios, as imaxes de Fotografía Pacheco e a súa pegada permanecerán presentes. Teremos, así, a posibilidade de coñecer centos de fotografías de vodas, de audaces deportistas, de fermosas –ou non– raiñas da beleza, de mozos concertistas, de clérigos e comerciantes, de rapaces con roupa escasa –en ocasións tan exigua, que chega a resultar inexistente–, de instantáneas de ceas de despedidas de solteiros, de criaturas no seu leito de morte –rodeadas de toda unha increíble iconografía relixiosa, ou a veces co seu pequeno féretro depositado enriba dunha mesa–, de familiares e amigos que o tempo destruíu, lembrándonos que toda fotografía é, ou será, un rexistro de morte. Todo ese conxunto de álbumes, de recordos familiares constitúen a verdadeira intrahistoria da cidade".

Cronista tamén Pacheco da II República e o acelerado desenvolvemento de Vigo, incluídas as folgas que el retrata, as manifestacións polo autogoberno ou os obreiros, o despegue definitivo do porto vigués como porta do atlántico ou as xestas heroicas de aviadadores e deportistas. É o momento no que Galicia trata de recuperar o pulso da modernidade e na que, por vez primeira desde hai anos, comeza a percibirse un saldo migratorio positivo no país. Logo, co golpe de estado de 1936 e a volta á emigración dos galegos, Pacheco retrata tamén a chegada das ordas fascistas coas cruces gamadas de irmandade co réxime nazi. Pacheco morre en 1954 e o taller queda en mans do seu fillo Jaime de Sousa Avelle Pacheco, continuación dunha saga que enxertará en Mercedes de Sousa Dávila. Será nos anos noventa do século pasado cando o labor de Pacheco comezará a ser recoñecido dun xeito xeralizado e a súa obra empece a figurar en publicacións específicas e exposicións que, como a que agora se exhibe en Vigo, nos permiten a nós abrir o cofre dos recordos.

S.nOIA E a.r. IÓPEZ

O texto de Vitor Vaqueiro forma parte do libro *Pacheco. Memoria dun tempo e dun país* que, en galego e castelán, editou o Concello de Vigo e Ludwerg.



Marifeiros. 1930



Barbería. 1920

O taller de fotografía de Pacheco conseguiu en boa medida asentarse como referencia inexcusable en Vigo gracias ós retratos. De feito, durante o eixo central da pasada centuria, pódese dicir que non había unha casa en Vigo que non tivese algún retrato asinado polo taller. O seu catálogo ía desde os retratos formais –o realizado a Castela é refrencial entre as imaxes que quedaron do líder galeguista– ós dos deportistas ou ben os retratos familiares. Ademais de Jaime, o taller quedou conformado na década dos anos vinte por Horacio e César, sobriños do titular da empresa. Horacio encargábase das fotografías de rúa mentres César de retocalas, nunha técnica exquisita que se fixo famosa en Galicia. César acabaría por deslindarse do taller Pacheco de Vigo e instalárase en Monforte, onde morreu relativamente novo. O seu taller en Monforte, esen embargo, continuou en activo ata os anos setenta.



Alfonso Rodríguez Castelao. 1926



Ramón Cabanillas. 1925



Campaña de Marrocos. 1925

O taller de Pacheco foi o testemuño excecional dos aconteceres históricos de Vigo ó longo das décadas centrais do século, cunha ruptura drástica ó concludir a guerra civil na dimensión do seu traballo. Foi, precisamente, entre os anos vinte e trinta que se desenvolveu o máis suxerente do seu labor, recollendo coas cámaras xestas heroicas pero tamén grandes acontecementos, como a repatriación dos soldados españois na Campaña de Marrocos, con puntual presenza nos acontecementos sociais, en botaduras de barcos, visitas reais e, especialmente, a saída dos emigrantes de Galicia. Tamén retratou os movementos obreiros da II República e soubo, así mesmo, retratar o estremecemento militar que seguiu ó golpe de estado de 1936. Son estas últimas, probablemente, as imaxes máis estremecedoras do seu catálogo, sempre inclinado á busca dunha estilización estética que, incluso aquí, no tremendismo bélico, tamén se amosa evidente.



O arquitecto Antonio Palacios. Anterior a 1927



Desfile fascista na rúa Colón. 1939

Crepúsculo e alba de Carlos Quiroga

De Carlos Quiroga (Escalón, 1962), coñecemos "Gong", un libro de poemas no que xa deixaba entrever as canles da súa poesía: a vangarda culturalista, a emoción encistada e unha lúcida visión da escrita como elemento eminentemente literario. Esas características repítense agora en "A espera crepuscular" (Laiovento/ Edicións Quasi, 2002), anque o poeta (persoaniano pero alén diso, estritamente 'personal') esculca nesta nova entregas vieiros moito máis versátiles e audaces, tanto desde o punto de vista formal como conceptual ou temático. Suponse que "Espera crepuscular" é, en certo modo, unha especie de novela en fórmulas poéticas, anque ese principio co que se nos presenta non é, na práctica, así, xa que Quiroga sobrada amplamente límites interxénéricos da literatura para outorgarnos unha obra moito máis complexa, máis híbrida e, por tanto, máis sorprendente. Xa non se trata só de fusión e dunha trama aparente que enfía os textos -a maioría de disposición versal- senón dun volume que engasta a expresión en múltiples soportes, estendendo os significados nun catálogo poliexpresivo. Deste xeito, fotografía, escrita, verso e prosa, caligramas e grafismos van establecendo as etapas dun libro que, por riba de calquera outra característica, é experimental e reflexivo, mesmo ata cimos de aspereza para o lector habituado a unha poesía compracente. "A poesía raramente presta ao mercado", escribe Quiroga neste libro de ortografía reintegracionista no que tamén se cuestiona os xéneros, nunha liña en espiral de pensamentos que o leva a definirse como unha "espécie em extinção". A reflexión e a vontade vangardista, sen embargo, non debe levar a crer que "A espera crepuscular" -primeira parte dunha obra que o autor promete editar nos próximos anos- lisa abertamente do clasicismo. Nada máis lonxe porque, entre outras razóns, Carlos Quiroga é un home comprometido co seu tempo e este tempo principescular está demarcado pola postmodernidade, pola heteroxínea das raíces e os postulados dun equilibrio no que a retórica clásica se volve case tan importante como o xesto innovador. Non creamos, tampouco, que o escritor (curtido na prosa de obras tan singulares como "O castelo da lagoa") fai da posmodernidade un estandarte que apele ó instinto, ó impulso, como vía de construción (ou deconstrución) literaria: Quiroga achégase ós lectores como un poeta altamente racional, mesmo ata a obsesión, coa dúbida (tan moderna e tan pouco postmoderna) no bordo dos labios, no fio da mente, na boca de cada verso. Un libro, á fin, que nos devolve a emoción dunha poesía infrecuente na autocomprancia que xera este xénero ultimamente no noso país. Unha poesía que ama a literatura e que, sobre todo, ama a investigación, o risco e o compromiso coa escrita, coa palabra, coa idea. Un libro imprescindible, revelador e fascinante.

IOIS SANDOVAL




revista das letras 454



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves.
Coordinación: A.R. López e Sociedade Noia. Desenho: Anton Lopo.
Tradución: Carme Botana.
Fotografía: Chico Nolas.
E-mail: rdi@correo-galego.es

Libros

Entusiasmo poético



'O SOL DE HOMERO' É UN LIBRO FERMOSE, FERMOSSÍSIMO. UNHA APAIXONADA LOITA POR DEFENDER E ABRIR O MUNDO POÉTICO E REBELDE. COMO CAMIÑAR BAIXO A CHUVIA AÍNDA QUE CHOVA MOITO, MOITÍSIMO. PARA MIN ESTE LIBRO SIGNIFICOU REVELACIÓN, ABERTURA, ALEGRÍA. VENTO CON MÚSICA, MÚSICA CON VENTO. COMO DEIXAR O PARAUGAS ROTO NA ESTRADA E BOTARSE A CORRER. COMO UNHA FLOR. ESTE LIBRO É TAN BONITO COMO UNHA FLOR.

L

er este libro significa mergullarse nun mar enorme de poesía e verdade e bondade e ilusión. Significa atravesar un campo escuro e meterse na arte, na alegría feliz da arte. É un acto de fe e amor e espiritualidade. Cunha linguaxe perfecta, poética, triste. Cunha forma de dicir sinxela pero enorme, grande. Trátase de reflexionar sobre a poesía. Sen esgotar o misterio. Sen romper as ideas. Abrindo os debuxos. Facendo un bonito cadro, como un grandísimo pintor de miradas e palabras e silencio. Ben documentado, con moitas referencias, moitas citas, como un collage de terciopelo azul. Como o conto dunha vella. Como a canción dunha nena. Como o amor e o sexo na xuventude. Xavier Seoane é o autor, autor poeta e lector de múltiples lecturas, coas que xoga, dun xeito íntegro, lúcido, soñador, aberto. Un libro feito con mimo, con curiosidade intelectual, con ganas de berrar aínda que sexa só berrando no silencio.

Dicindo que a poesía é importante nun mundo que morre, que agoniza enfermo, ludópata, tecnificado, frío, fóra do calor dos amantes que se encontran na habitación e se bican e se tocan mirando ó mar. Poesía delirio, poesía liberación. Poesía que é música, poesía que atravesa ríos sendo música, e chegando ao mar, á morte.

A morte non se explica sen poesía. Hai versos, quedan versos no mundo, escribiremos versos como un xeito de morrer nacendo. *O sol de Homero*, guía para a poesía. Guía emocionada, suxestiva, elegante. Guía para obedecer e desobedecer, para abrir moito os ollos. Abrir os ollos moitísimo.

Un libro que é amor, dalgún xeito. Dalgún xeito amor. E aventura. E catarse. E ilusión. É un libro moi positivo e moi ilusionante.

Lendo este libro dan ganas de escribir poesía moito, sempre. Lendo este libro unha vaise dando conta de toda a riqueza que hai no acto poético, tan sublime, tan rebaxado pola sociedade. Escribir poemas para matar a vida, matar o tempo, matar a morte.

Ler este libro é renacer un día, un día calquera, no que vai frío e chove e todo está escuro, e vale a pena abrir os ollos á realidade e nadar, nadar forte, correr pola cidade, pararse eternamente nos ollos das vacas.

Volver a unha aldea. Volver para empezar todo de novo. Abrindo pouco a pouco, con coidado, a luz do día, que se filtra pola fiestra.

Dando moitos pasos adiante para poder bailar moito. Para seguir vivos aínda que todos desexemos o suicidio. Eu desexo unha morte contenta, poética, aberta. Eu desexo un día de mar, vento e música. E frialdade, a frialdade do inverno. O frío grande dos días, todos iguais, repetindo sempre unha canción intensa.

O sol de Homero é un libro interesante que che calma, que me calma. Calma a miña histeria de nena malrida e alucinada. Acende o meu ánimo destruído. Recomponme a alma.

A poesía é eso, eso que nos di Xavier Seoane, eso auténtico, limpo, enorme, libre. Esas ganas de vivir e rachar a vida. Eso revolucionario, violento. Esa tenrura que teñen todas as nenas cando medran e se fan mulleres. Esas mulleres que rompen o sexo e os vestidos. Que sangran, como se sangrar fose unha manifestación importante e necesaria. Totalmente necesaria. Necesario como todas as drogas.

A poesía tamén é droga, superstición salvaxe, unha ventá grande que se abre ao mundo todo, enteiro, uns ollos enormes de animal enfermo nunha festa humana. Cada día pasan cousas e nunca pasa nada, nunca acaba de pasar nada. Nunca chegamos a ningún lugar, e mirámonos uns aos outros, correndo todos, nunha carreira sen principio nin final. No suspenso. No precipicio. No caos.

Esa felicidade de facer poesía. Esa sinceridade enorme. Facer poesía coa vida, cun coitelo que vai abrindo pouco a pouco todo. Facer poesía como quen fai sexo. Abrir a vida.

Foi para min un acto moi feliz e case infantil e primixenio ler este libro antigo. Digo "antigo" porque o autor reflexiona sobre a poesía e o pensamento de tódolos tempos. Resume o mundo. Resume a vida. Como eu resumo todo nunha foto miña de cando eu tiña seis anos.

Eu a piques de entrar no colexio, en Curtis. Eu da aldea na vila, empezando unha historia de dor e violación, de miradas novas e rebeldía, de bágoas e xogos, no recreo, con todos os nenos, xogando a todos os xogos, socializándome, como quen rompe pedras nos meus ollos e me atravesa con cristais.

Eu alegre. Eu alegre nos poemas. Nas páxinas que escribo cos meus dedos rotos e a miña naturalidade. Como unha nena enferma que xoga a facer poesía para inventar o mundo. Un mundo mellor, máis transparente, máis amable, máis divertido. Como rir moito, moitísimo, unha noite calquera, na cama de calquera home. Como romper os ollos e recompoñelos no sexo.

Trescentas páxinas as deste ensaio, que se len con moito pracer, con entusiasmo, porque se trata dun libro entusiasmado. Un libro tan alegre facíanos moita falta, aquí, na Galicia desapaixonada.

A paixón de rebentar, escribir. E crer que a poesía pode ser unha cousa importante, aínda que non nos paguen cartos por ela, aínda que os poetas sexan tipos raros que naufragan e choran. Aínda que o vento se volva na nosa contra. Sobreviviremos escribindo poemas, sobreviviremos facendo palabras novas e cousas novas.

A casa levantárase a si mesma, ela soa, cos nosos corazóns acendidos, co noso amor de vacas, coa nosa fantasía. A fantasía é importante porque descobre un xeito científico e novo de ver. Descubre cousas novas aínda que sexa repetindo sempre o mesmo. Cambian as ideas, cambian as formas, cambiamos nós, cambia o mundo.

Todo é unha volvoreta que se cansa. Todo é un ruído, demasiado ruído, pouca claridade aberta, pouca imaxinación. Cando a imaxinación o é todo, e enche as nosas vidas de amor. Cando as follas das árbores caen e o amante me mira no parque. Estamos sós o amante e eu, libres, tristes, tímidos, alegres.

Non se trata de sentenciar, trátase de descubrir camiños, facer moitas preguntas, entender o mundo. Entender a poesía, como unha forma de entender o mundo.

Bailar. Bailar sempre. Berrando. Buscando e abrindo e disfrutando. Buscando poesía na derrota das cousas. No final dos vestidos todos de muller. Esa puta cansa que me mira cun xesto de infelicidade.

Eu entro no bar e agardo. Eu leo o libro *O sol de Homero*. Eu vístome de negro e azul porque son as miñas cores preferidas. Eu sangro, sempre sangro moito, aínda que sangrar sexa un acto que doe moito. Non son masoca, estou viva, e a vida é sufrimento e amor.

Amor e alegría. Este libro está cheo de amor e alegría. É o libro dun alto poeta. É o libro dun gran home. Non o coñezo persoalmente, pero chéganme ecos de que é un ser moi humano e moi poeta e moi sensible.

Vive na Coruña e eu vivo en Santiago.

O seu libro resulta case medicinal. Case é como un pouco de saúde cando a saúde falta. É poesía alta e sensibilidade e comunicación. É un poema para superar o frío. Un longo e sostido poema, roupas longas que me abrigan e me visten e me ocultan, como nun xogo de vida e máscaras, de sangue e poesía. O libro do entusiasmo poético. O libro do amor. O libro da enerxía nova que nos facía falta. Para, por fin, botar a correr.

Intramundi

‘ Intramundi debería ser a obra que confirme Reigosa non só como un gran narrador, senón como un narrador de nós. Mágoa que saíse antes en castelán. ¿Será moito pedir que na vindeira ocasión confíe máis nos lectores que aquí ten, e cos que debería manter un diálogo constante que, non sei ben porqué, non acaba de callar?

n

on sei o motivo, pero teño a impresión de que con *Intramundi*, Carlos Reigosa fai a aposta definitiva para consagrarse como autor de ficción. A súa é unha traxectoria que se desenvolveu pexada por dous factores: en primeiro lugar, a súa condición de xornalista, moi vencellado dende hai tempo á axencia Efe, sempre ocupando postos de responsabilidade, e que o condena –témome que de por vida– a esa ambigua identidade do que transita polo territorio das letras cun pé a cada lado desa difusa raia que separa o real do ficticio; en segundo lugar, a súa condición de pioneiro: inagurar alá polo ano 84 o xénero policial nunha literatura como a galega, tan precisada de reinventarse decote a si mesma para sobrevivir é algo que pasa factura, a factura de arrombalo a un prematuramente nese caixón de mortos no que a miúdo convertemos a historia da literatura, e a factura de vencellarnos –tamén de por vida– a ese fillo bastardo. No caso de Reigosa o bastardo chámase Nivardo Castro e, efectivamente, vería a súa vida prolongada xenerosamente polo escritor ó longo de varias novelas (*O misterio do barco perdido*, *A guerra do tabaco* e *Narcos*).

Empeñado en pulsar outras teclas literarias, Reigosa iría deseñando con prudencia un universo de seu, o seu particular Macondo, xa dende aqueles iniciais relatos de *Homes de Tras da Corda* (1982), saudados por un sector do público como o rexistro máis interesante dos ensaios por Rei-

gosa. Pois ben, quizais porque corren tempos de loitar contra a desmemoria, el tamén fai a súa particular achega a esta enxurrada colectiva de resistencia, e constrúe en *Intramundi* a memoria posible do seu particular paraíso perdido, mais tamén desoutros Intramundis que latexan espallados no mapa de Galicia. *Intramundi* é unha crónica particular do mundo de Tras da Corda, un mundo de fronteiras nidiamente definidas gracias á ausencia de comunicacións co exterior. Xa que logo, o empeño dun dos personaxes en construír unha estrada que os comunique coa sociedade explícase mellor no que esa estrada ten de simbólico: nela encárnase o futuro e o progreso, que Reigosa contempla sen prexuízos nin complexos. A estrada está connotada positivamente, non só polo que ten de obxectivo vital para Anxo Xesto ou de aglutinador da colectividade, senón como a única posibilidade de sobrevivir que se lle ofrece a *Intramundi* nun futuro no que eles pensaban que a memoria ía ser o paraíso do que nunca os poderían expulsar, e que –hoxe sabémolo xa– pode ser tamén a coiraza coa que protexer parte da nosa identidade.

A novela, que sobarda nun chisco as trescentas páxinas, está artellada en catro bloques temporais, que corresponden a 1928, 1936, 1948 e 1966. Xa que logo, un percorrido pola historia da xeración protagonista, ó abeiro da cal nos asomamos á biografía dos seus devanceiros e dos seus descendentes. Reigosa consegue con habelencia unha novela a cabalo entre a novela de personaxe (Anxo, Don Nazario) e a coral (os homes e mulleres de Tras da Corda), e propón tacitamente un modelo xenérico pouco explotado entre nós en tempos recentes, que el resolve sen reminiscencias a paradigmas resesos: refírome á novela de caci-que, da que *Intramundi* podería ser unha versión actualizada.

Todo isto desenvólvese vertebrado arredor dalgunhas historias secundarias que funcionan como vertebradoras da estrutura narrativa: a xa comentada teima da estrada, os amores de Anxo e Dolores, os abusos de Don Nazario, os esforzos que algúns dos que del dependen fan por fuxir da súa pouta esmagadora... e unha curiosa anécdota que é quizais o fio máis feble deste tecido argumental. Refírome á suposta descuberta da Arca de Noé –en realidade, os restos dunha embarcación celta– que se converte para o párroco Xosé Trabada nunha obsesión semellante á da estrada para Anxo Xesto. Porque, quizais sen eles mesmos per-



catárense, ambos obxectos representan o mesmo: a posibilidade de rescatar *Intramundi* de si mesmo, dos seus abafantes límites xeográficos e vitais. Dicia eu que é o fio máis feble porque a súa intrínseca dimensión fantástica canxa mal cos aspectos pseudodocumentais da novela –sobre os que voltarei axiña–, o que explica que Reigosa o abandone durante demasiadas páxinas, e que se decida a retomalo para anoalo definitivamente nun final que escora en exceso cara ó informativo e no que asoma o Reigosa xornalista, tan comedido en xeral e que só emerxera puntualmente: por exemplo, na enumeración miraculística das pp. 35 e 36, ou na intromisión dunha voz que se semella demasiado á do autor empírico e que se solapa coa do narrador no comezo da p. 150.

Mais a dimensión que progresivamente vai cobrando importancia na novela é a de documento posible da vivencia da guerra en *Intramundi*, nun crescendo moi logrado que vai dende o clima prebélico da campaña electoral das eleccións de febreiro do 36 ata a súa prolongación tentacular na actividade das guerrillas de Tras da Corda aínda a fins da década dos 40. Inevitablemente, esta faceta convértese no cerne da novela, sobre todo pola intensidade que se deriva do feito de que o narrador a contemple dende moi preto, e do reducido do seu campo de visión, que dota de extraordinaria intensidade ós feitos que nel se desenvolven. E logo, despois de todo iso, de tanta morte e tanta dor, o lento rexurdir dun país: os vieiros tortos dun franquismo que se encarreiraba, sen el mesmo sabelo, cara a unha modernidade só aprazable, mais nunca evitable. Esa crónica desprexuzada e antidogmática da agónica saída do tunel é un dos aspectos máis atraíntes e mellor resolto da novela.

Intramundi debería ser a obra que confirme Reigosa non só como un gran narrador, senón como un narrador de nós. Mágoa que saíse antes en castelán. ¿Será moito pedir que na vindeira ocasión confíe máis nos lectores que aquí ten, e cos que debería manter un diálogo constante que, non sei ben porqué, non acaba de callar?

d LORES VILAVEDRA

CRE XAVIER QUEIPO QUE SE CADRA UNHA DAS EIVAS MÁIS GRANDES DA CRÍTICA DES-
TE PAÍS É ESE GUSTO DESMEDIDO POLA INMEDIATEZ, QUE ACURTA A VIDA DOS LIBROS,
QUE NON DÁ OPORTUNIDADE A REVISITALOS E QUE INFLÚE DUN XEITO, QUE SE ME AN-
TOLLA TERRIBLEMENTE NEGATIVO, NA DIFUSIÓN E COÑECEMENTO DO LIBRO GALEGO.
ASÍ ACHÉGASE A REEDICIÓ DO 'CIDADE DOS CÉSARES' DE V. FREIXANES.

A Cidade dos Césares

d

ende ben pequeno gustáronme os libros que levaban "santos", é dicir, que tiñan ilustracións. Naquela época xogaba cos amigos da aldea a un xogo inocente e fantástico que lle dicíamos "santo ou letra", onde un de nós, logo de mover o libro entre as mans e de repetir como un mantra aprendido: "Ó dereito, ó revés, santo ou letra", abría o volume ó chou e segundo saíra unha páxina con ilustración ou unha páxina que só tivese letra gañaba ou perdía a aposta. Eran xogos infantís e algo primitivos, de nenos educados na lectura e na simplicidade (categorías que a algún lle parecerán contradictorias, pero que a min se me antollan necesariamente complementarias e das que non podo estar senón agradecido ós meus proxenitores). Son percepcións. Hai outras.

Xa de adulto (maduro non sei se o son aínda, pero adulto supoño que

si, por esa acumulación de anos e experiencias vividas) as novelas que máis me gustan son aquelas que conteñen un mapa. Os mapas teñen para min, un non sei qué de máxico e definitivo, de mundo real pero ó mesmo tempo soñado. Son percepcións. Moito teño discutido con algún dos meus editores que non quixeron no seu día, cuestión de gustos ou de custos (nunca souben), engadir mapas a algunha das miñas novelas que eu coidaba que os precisaban, entre outras cousas para me satisfacer a min mesmo e ó mando de soñadores que segue sen arroubo, o desenvolvemento da miña obra. Eu, que sempre fun soñador de máis (¿pódese ser soñador de menos?) pero pouco dado á polémica, deixei por iso e pola miña impaciencia (¿infantil? ¿inmatura?) en publicalas que as miñas benqueridas novelas e libros de relatos ou de apuntamentos se editasen sen o necesario apoio dun mapa. Sempre coidei que, nunha propiedade recíproca da escola, do mesmo xeito que os lectores teñen o dereito todo de escolle-los nosos libros ou os libros doutros, os autores deberíamos te-lo dereito de escolle-los nosos lectores. Eu, ós meus, quéroos soñadores e románticos, sensibles e aventureiros, ilusionados e intelixentes. Non pido moito. Non crean. O mundo esta cheo deses seres encantadores ós que estou certo que un día chegarei, malia a escola da lingua na que escribo, minoritaria e minorizada, afastada nun país sen estado e sen verdadeira conciencia de seu, perdida nunha selva de linguas que compiten con deslealdade (¿existe a competencia leal? ¿non son ámbolos dous termos realmente antagónicos?) e nun mundo posmoderno onde calquera animador televisivo vai vender máis libros (de calidade incerta, de contidos non sempre literarios, de autoría as máis das veces dúbida) que os que lle dedicamos paixón e horas ó traballo. Paixón e traballo para escribir unha novela e paixón e traballo para re-escribila, como é o caso que nos ocupa.

Xa está ben de falar de min, que non era o obxectivo desta comunicación. Admito a crítica que me poidan facer de egocéntrico e descentrado nos argumentos. En efecto, xa a estou facendo aquí mesmo a xeito de autocritica, circunstancia que botarán de menos, de seguro, na panda de incompetentes que nos malgoberna. Falareilles pois, de contado, e sen

mediar máis introitos, do libro de Víctor F. Freixanes, *A Cidade dos Césares*. Algúns dirán que sen oportunidade, pois é un libro xa antigo (do ano 1992, se non teño os datos cambiados) e mesmo a edición definitiva, do ano 2002 ten xa uns cantos meses nas librerías. Permítanme que non concorde cos que así pensen. Se cadra unha das eivas máis grandes da crítica deste país é ese gusto desmedido pola inmediatez, que acorta a vida dos libros, que non dá oportunidade a revisitalos e que inflúe dun xeito, que se me antolla terriblemente negativo, na difusión e coñecemento do libro galego. Os meus colegas escritores sábeno por experiencia: como non te fagan unha crítica nas primeiras semanas logo de publicado o teu traballo, estás condenado ó ostracismo, ó afastamento das listas, ás mesas de novidades, ós catálogos e ás recomendacións. Esta é unha inxustiza como outras tantas, se cadra estrutural (país de escasa potencialidade lectora, certa endogamia na elaboración das críticas, fobias e filias coñecidas de antemán e todo iso que configura un sistema perverso).

Eu intento non ser perverso. Non sei se o consigo. Foi no mes de decembro cando unha amiga me pasou o libro de Víctor, sen moito entusiasmo todo hai que dicilo (¿no seu favor?). Eu, que anos atrás sentira un abraio particular lendo no medio do Atlántico aquel fantástico *Enxoval da noiva* e que perdera (afastamento ou desidia) a primeira edición de *A Cidade dos Césares* afaneime dende o primeiro momento no libro cun entusiasmo controlado (a opinión da miña amiga non era favorable). Cando vin que tiña varios mapas os meus ollos prenderon neles co engado do neno que ollia a través do vidro dunha docería. Aquelo prometía. Aventuras, exploracións, épica de espadas e cabaleiros con esporas. Batallas, traizóns.

O libro non me decepcionou nin medio. Atopei nel trazos doutras novelas que me abraíaron no seu día, de *La aventura Equinoccial de Lope de Aguirre* de Ramón J. Sender, de *La Guerra del Fin del Mundo*, de Mario Vargas Llosa, de *Los pasos perdidos*, ese tesouro da lingua en mans de Alejo Carpentier, pero tamén de filmes que me entusiasmaran pola súa forza épica como *Fitzcarraldo* ou *Aguirre, la cólera de Dios* ámbolos dous de Herzog. Atopei tamén, e isto non sei ben cómo explicalo, trazos de novelas que a min me gustaría escribir un día, épicas, equinocciais, moderadamente obsesivas: novelas para ficar, para marcar territorios, para dignificar unha lingua.

Se cadra son percepcións propias das que o autor e os críticos verdadeiros (os críticos son como as costelas do corpo, hainos verdadeiros, falsos e flotantes) non estarán en absoluto de acordo, pero que a min (como crítico flotante e medianamente desinformado) me pareceron no momento da lectura dunha evidencia reveladora que pedía esta comunicación, que agora presento sen outra pretensión que estimula-la curiosidade dos lectores potenciales (¿Existen aínda ou son unha categoría en vías de extinción?).

Se me permiten unha última disquisición, falareilles da linguaxe, da súa riqueza de matices, da súa reiteración fraseolóxica, da súa modernidade (contradictoria dalgún xeito se pensamos nunha novela histórica, de cando a conquista de América). Un sente (e iso é fundamental nunha novela, o sentir), o saíseiro do mar e o vento tirando de fóra, as correntadas e as travesías no mar maior, o rincar dos estrobo e o tacto dos chicotes, as gabias inzadas de vento e o mastro da maior esgallado polo furacán, o tremor do aparello e as sumacas soltando ferro, o bergantín metendo o pinchón no areal e o serviolo descubriendo distancias, as sondas marcando o fondo de lama e de cuncheiras, as refoladas de espuma e os vagallóns atacando os costados e as amuras. Un sente tamén a renatería dos indios e os ollos de agúa dos caciques, a traizón en cada ollada dos adiantados e as anacrónicas armaduras, os cabalos afundindo no sorriso e os carros ancorados na lameira, a humidade e as lesmas, a ferruxe nos arcabuces e a cutrería dos rescates, a fame roldando os campamentos e a tolemia colectiva, o fulgor esquizoide dos fuxidos e a desesperación dos que se meten na floresta na procura do descoñecido, do ouro soñado ou da comida que lles falta.

Por último, e malia a extensión da novela, un queda con ganas de máis, ten mesmo tentacións de comezar outra vez, de demora-la devolución do libro (xa dixeran que mo prestaran) e pensar en relelo unha outra vez. Na fin, pensa en mercado e gardalo con ese grupo minoritario de libros, unhas cantas ducias todo o máis, que un sabe que vai volver ler cando chegue o tempo do descanso. A relectura, ese pracer que combina a simplicidade na escola e o respecto (que se cadra ten un aquel de nostalgia na súa expresión máis positiva, a de acumular tesouros cos que un día gozamos para cando teñamos necesidade dunha dose extra de sentimento).

Se as razóns apuntadas: a épica negativa, a lembranza de novelas seminais, a modernidade na reiteración fraseolóxica, a riqueza do vocabulario, a sensación de estar ante unha obra que pide unha relectura, non lles chegan, pois que lles vaia bonito, que a intención non era proselitista (eu nunca pretenderei que lean o que non queren ler ou que fagan o que non queren facer, quéroos libres e autónomos) senón celebradora da beleza descuberta, que non fago senón recomendarlles.

XAVIER QUEIPO

Ulises e o jazz

Hai medio ano participei nun proxecto sobre a presenza de novas narradoras nas literaturas do Estado español (o traballo ha saír de contado). Os criterios eran simples: escritoras nadas logo de 1960 que publicasen un libro de narrativa para adultos nos 90. A nómina era tan cativa que collía toda a man, así que no caso galego decidiuse ampliar os criterios e deu para enrestrar ata nove nomes. Este era o panorama nuns anos nos que houbo poetas, moitas, lidas con expectación, pero nos que a literatura galega tiña aínda deberes por facer para ser coma os máis. Ou como no conto da pulga e o piollo: "agora, miña vidiña, / poetas xa temos, / fáltannos narradoras / ¿onde as toparemos?".

Ano 2001. O mar e azul. As narradoras agroman a modifión. Moitos son os nomes que coñecemos de antes en volumes colectivos de relatos. Algunha que outra xa tiña experiencia noutros xéneros literarios pero non se observa unha fuga de poetas cara á narración como aconteceu a finais dos 80. O catálogo medra pero os libros traen poucas sorpresas. Outono do 2002. Afógannos no chapapote. Aparecen alomenos seis libros de novas narradoras: algúns deles exercicios de iniciación e dous que captan a atención da crítica e dos andeis das librerías (os de Rosa Aneiros e Inma López Silva). Entre eles aparece un coa capa en vermello: *O demo e o profundo mar azul* (Compostela: Positivas, 2002) de Eva Moreda, que xa participara no volume *Narradoras* de Xerais. Este é un relato sinxelo. Reconstitúese a historia dun Ulises-emigrante nos altares do jazz a través do seu álbum de fotos. Goro, que toca na banda de música, decide marchar para América antes da guerra. Deixa muller e filla, moi queridas. Ata aquí un relato máis de emigrantes galegos se non fose porque Goro marcha a Norteamérica e consegue vivir como músico tocando cos máis importantes nomes do jazz: Count Basie, Dizzy Gillespie, Miles Davis, Thelonius Monk, Sarah Vaughan... Canda eles vive o ir e vir das actua-

cións, a droga, o cárcere, o éxito, o diñeiro, o fracaso e a soidade. E a cada pouco aparece a lembranza das súas mulleres, tan queridas, "polas que fai todo aquilo", pero que nunca vai ir ver. O personaxe de Goro pode resultar cándido se pensamos nunha vida marcada polo fatal destino da emigración pero, ben lida, a realidade é outra. Queda claro que é un home, infeliz, dividido entre a familia e a súa paixón pola música, entre Galicia e os Estados Unidos. Sen ambición pero tamén sen interese real pola muller e a filla aínda que lles envíe regularmente diñeiro (delas só conserva as lembranzas e unha foto). Goro non é un mal home; en realidade é un homeño sen máis voz auténtica cá que sae polo seu saxo. Mais, Ulises-Goro tiña alomenos a voz do saxo... ¿U-la voz de Penélope-María? Este home infeliz, atrapado na súa incapacidade para o regreso, semella un ¿coitado? Ulises-moniqueiro, abaneado polo destino mentres a súa Penélope-viúva-de-vivo, resignada, agarda por el inutilmente (¿ten ela destino?).

Este relato longo, coa sinxela estrutura dunha canción, sen sorpresas e a cabalo da narrativa e o lirismo, tíñame un sabor coñecido. Sóbome a Castelao naquel conto da fidalga no que se repetía como unha badalada monótona: "E non vos riades que o conto é triste". Esta é unha das ferramentas líricas do relato de Eva Moreda: a lembranza da muller e a filla da outra banda do mar azul a modo de retroso na vida/canción deste singular emigrante. Ogallá que este libro dea o paso para vindeiros rañaceos literarios, con tramas narrativas complexas e personaxes sorprendentes. Eva Moreda cumpre este ano os 22. Ben podemos agardar por ela. Mentres, imos indo con este Ulises galego metido a músico entre os grandes do jazz. Aviso: o relato ofrece unha rota pola historia do jazz; úsese como música de fondo.

hELENA GONZÁLEZ



Poesía Infantil

A poesía escrita para nenos presenta un dobre problema: que prime nela o pensamento de que os cativos son adultos un chisco inocentes ou atrasados, que se ocupen de facela poetas revisados ou resabiados procedentes de mundos literarios ben diferentes, no que non deron atopado o éxito, e busquen agora no terreo infantil un certo recoñecemento. Estes dous erros son demasiado frecuentes en campo tan sutil, e ás veces conseguen que os nenos fuxan espantados, unha vez que intúen tan turbos despropósitos, do marabilloso universo da poesía. Logo están os benintencionados poetas, da escola de Gloria Fuertes, que a base de ripios cheos de previsibilidade esmen-drean o máis elemental da mensaxe poética: a procura da beleza. Desde premisas ben diferentes, moi ben expostas no prólogo do fermoso volume, Xosé María Álvarez Caccamo e Marica Núñez veñen de publicar *O libro dos cen poemas* (*Antoloxía da poesía infantil galega*) (Espiral Maior, A Coruña 2002); unha panorámica abondo completa, de clásicos a modernos, de canto se veu facendo na nosa poesía, desde, con ou a prol dos miúdos. Hai un aspecto moi interesante neste volume, e este é que moitos dos poemas que aquí aparecen nunca foron concibidos como poesía infantil. E se os antólogos botaron man deles é porque coidaron que o seu contido viña a conto neste libro cheo de boas intencións pero tamén, o máis importante, ceibando poesía por todos os lados. De Rosalía ou Curros Enríquez a Xabier P. Docampo ou Fran Alonso pasando por Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra ou Manuel María. Isto sen esquecer as mostras de poesía popular que aquí se deixan ver, como é natural riquísimas en contido e xesto. Cómpre dicir que os antólogos buscaron –e atoparon– poemas liláns que brincan algareiros pero sen esquecer aqueles que teñen, igual sen quere-lo, forza didáctica de maneira que con eles teña sentido o vello adaxio ilustrado de instruír deleitando. Dicia ilustrado polo afán racionalista que neste volume pousaron os seus autores, que non polas ilustracións do libro, case inexistentes. Seguramente tamén é importante rexeitar os libros para nenos, cargadiños de ilustracións, e sen a penas texto. Os cativos a certas idades poden e deben abordar libros espídeos, que teñen valor "per se" e nos que non haxa que subordinar o texto aos "santos", sexan estes da cualidade que se quixese (e-que normalmente teñen, nun evidente adorar

ao santo pola peana). Divídese este volume en cinco seccións: *Animais, Cancións de berce, O mundo, Cancións de festa e Nenas e nenos*, seguindo a temática pero tamén a finalidade de quen escribiron os poemas. A temática, xa se dixo, en moitos dos casos non foi concibida adrede. ¿Como se non sería factible entender a feitura para nenos dun poema tan dramático, pero marabilloso, como *Entero do neno probe* de Luís Pimentel? Non, sen dúbida o poeta lugués nunca pensou que esta elexía remataría nunha antoloxía infantil pero é evidente que a sensibilidade dos cativos pode entrar moi fondo neste, por outra parte, sobranceiro exemplo de podería visual. E outro tanto poderíamos dicir de *O Maio de Curros Enríquez*, ou dos diversos poemas de Celso Emilio que aquí están. Logo hai no volume de Álvarez Caccamo e Marica Núñez algunhas sorpresas, en forma de excelentes versos de autores xa esquecidos como Carlos Rivero ou Cipriano Torre Enciso. Aínda que non fose máis que por descubrir ou redescubrir a estes poetas eu xa daría por válido o libro. Aínda que nel hai moito máis, naturalmente. Como os poemas de Novoneyra, Cunheiro ou Xullo Sigüenza, tan brincallón, tan modernos nesa modernidade que ven selada polo carimbo do clásico. Cambiando de tercio direi que me prestaron moito os poemas do dúo Villar Janeiro-Rábade no que algúns dos seus poemas teñen de reivindicación idiomática. Tampouco penso que lles vaia sentar mal aos nosos rapaces a belixerancia da nosa lingua. Vai acompañado o libro dunhas propostas didáctica do máis lixeiriñas, pero rigorosas, que teñen de servir a un mellor aproveitamento del. Que en todo caso é do máis aconsellable tamén para maiores, pois aquí do que se trata é de poesía. E esta non ten, ou non debería ter, idade.

VICENTE ARAGUAS

De dous

Con Sebald a literatura alemá dá a súa versátil obra creativa fóra das súas fronteiras

Escribiu Witold Gombrowicz no seu xornal: "Canto máis intelixente se é, máis estúpido". A estupidez é un tema esencial na literatura, quizais o un dos asuntos favoritos da narrativa máis comprometida esteticamente. Non sorprende que no derradeiro ensaio da norteamericana Avital Ronell, unha das máis lúcidas pensadoras do noso tempo, que leva por título, precisamente, *Stupidity*, poidamos leer: "A estupidez, etiqueta indeleble da modernidade, é o noso síntoma... convértese no trauma de baixa intensidade co que convivimos a diario".

A estupidez envilece os máis intelixentes sen que podan facer nada por evitalo. Segundo Gombrowicz, "á cada vez máis noble calidade do intelecto corresponde unha categoría cada vez máis desprezable e vulgar; e xustamente debido ó seu carácter vulgar, a idiotéz escapa ós instrumentos cada vez máis sutís do control intelectual". A estupidez é un virus rápido que atopa o seu medio idóneo na acción intelectual, no coñecemento experto, na erudición, e, mais que nada, na velocidade do mundo. E só pode observarse ralentizando os movementos como nesas moviolas da televisión, explorando os límites do propio non saber, balbucindo: Samuel Beckett é probablemente o menos estúpido dos escritores porque, segundo as súas propias verbas, traballa "coa impotencia, ignorancia". "Nun senso Beckettiano", explica Ronell, "non pode facerse máis que seguir adiante como un bobo, non podes seguir, debes seguir. O imperativo non interrompe a marea da estupidez, mais aproveita o seu pulo, confiando nela pra levar a casa".

A estupidez non é o contrario da intelixencia senón a súa consecuencia inevitable. O simétrico ridículo dos tecnócratas e mailos expertos contratados pra os contradecir. A

intelixencia busca disminuír o porcentaxe de erro nos seus cómputos, mais a estupidez increméntase coa convicción de infalibilidade: canto menos erro é posible, maior é o risco de estupidez. A estupidez é un problema estético, non de cálculo ou de vontade, e a estética non é un canon de beleza, nin un conxunto de prescricións, nin un modo de organizar a aparencia -do mesmo modo que a ética non é un conxunto de normas. A estética é un espacio donde desconfiar da nosa percepción da realidade, o país estranxeiro doutro lado do espello, un saber meta-lóxico que convidanos a enganarnos unha e outra vez. "O que non se deixa enganar, equivócase", escribiu Jacques Lacan.

A literatura ocúpase da estupidez porque orixínase no erro, nace da descarga eléctrica que recibimos ó contacto cos límites que non nos está permitido traspasar. Na "velocidade das cousas" de Rodrigo Fresán —a mais feliz reedición en castelán do ano 2002—, atopo unha definición do escritor que poido suscribir: "Un escritor non é aquel ciruxano infalible senon, pola contra, ese paciente que non ten nin quere saber que é o que lle van facer alí, sobre a táboa de operacións. [...] Un escritor é, no fundamental, unha persoa que case sempre se equivoca a hora de xuzgar o seu próximo. E de esos erros é de donde saen, crecen, reproducense e non morren as ficcións. Un escritor é esa persoa que se equivoca unha e outra e outra volta máis. Un escritor é esa persoa que se equivoca o xuzgar a alguén antes de coñecelo, volta a equivocarse cando o coñece, e se equivoca outra vez máis cando retorna a súa casa e conta que coñeceu a alguén exactamente así".

gERMÁN SIERRA



Jacques Austerlitz

W. G. Sebald xa forma parte definitivamente da nómina dos non-Nobel. Un trágico accidente automobilístico aconteceu hai pouco máis dun ano, segoulle a vida a un autor que, como afirma Susan Sontag, amosou que a literatura pode ser literalmente indispensable. "A través del a literatura continúa viva". Outro grande escritor, tamén eterno candidato ao Nobel, J. M. Coetzee, valorou Austerlitz, o derradeiro libro de ficción de W.G. Sebald, como a súa obra máis cobi-zosa e intensa.

Con W.G. Sebald a literatura alemá fai gala da súa creativa versatilidade fóra das súas fronteiras. Unha literatura que dá mostras dunha extraordinaria vitalidade nestes máis de dez anos transcorridos logo da caída do muro de Berlín. En efecto, a mediados da década pasada houbo un verdadeiro boom de novos escritores, ata o punto de non resultar doado calibrar no que neste mangado de creadores (Durs Grünbein, Ingo Schulze, Marcel Beyer, Uwe Timm entre outros) hai de verdadeiro proxecto literario ou de rótulo comercial. W.G. Sebald forma parte deste rutilante re-xurdimento da literatura xermana dos nosos días. Mais o escritor nacido en Wertach, na rexión alpina de Baviera, foi sobre todo un profesor universitario que desenvolveu o seu traballo desde 1970 en Norwich, no Reino Unido. Froito do seu labor como docente de literatura son os seus libros académicos, *A patria infausta* ou *Descripción da miseria*. En 1990 ve a luz a súa primeira incursión na prosa literaria, *Vértigo*, onde xa podemos escudar o que será a escrita híbrida deste autor de culto, verdadeiro Joyce de finais do século XX. Unha prosa que mestura intres eruditos verbo da presenza de Stendhal e Kafka en Italia con agudas reflexións.

En *Os emigrados*, aparecido dous anos despois, reconstrúe a existencia de catro xudeus que foxen de Alemaña por causa do ascenso do nazismo, e sobre todo reflicte o desazo e a sensación de perda que produce nos seres humanos o exilio, malia o transcorrer do tempo. *Os aneis de Saturno* (1995) é quizais a obra máis narrativa de Sebald e o que o achegou ao gran público. A receita literaria é a mesma das súas obras anteriores: unha peregrinaxe con mestura de xéneros, que realiza o escritor polo condado de Suffolk na pescuda das pegadas de Thomas Browne, médico e escritor inglés do século XVII. Un feixe de vivencias nas que se suturan lugares e persoas que á vez nos instrúen e nos permiten degoiar instantes máxicos, deixando sempre o autor pequenas fendas abertas para a angustia e o desacougo.

Por fin *Austerlitz*, a derradeira obra redactada por W.G. Sebald antes da súa morte e vertida ao español, nunha nova aposta a prol da literatura de calidade, por Anagrama. *Austerlitz* é una peza de ficción enormemente cobi-zosa que xira arredor do que podemos considerar o tema central da materia ficcional de Sebald: a empatía polos desterrados, polos expatriados do seu propio país. A experiencia vital de verse con-

vertido da mañá á noite nunha non-persoa, despois de todo, de casa, de bens e sobre todo do tesouro do idioma. O propio escritor confesou que, a nivel das súas propias emocións, a escrita de *Austerlitz* significou o intento de erguer un museo alternativo ao Holocausto. Resulta practicamente imposible que eses bos lectores que demandan os libros de Sebald, se decaten con rapidez da trama argumental de Austerlitz. Ao penetraren nas páxinas do libro, unha primeira ollada ás innumerables imaxes e fotografías que ategan *Austerlitz*, pode levar aos lectores a considerar esta obra como un tratado verbo da arquitectura monumentalista do capitalismo, un libro de viaxes ou de literatura autobiográfica. Sen embargo en *Austerlitz*, o lector perseverante atoparase coa esencia da literatura de ficción e con esa eterna teima do escritor xermano. Pero ambas as dúas soamente se lle irán revelando gradualmente, nunha sorte de avance esvaecido e deloirdo. Tan lánguido e doloroso como as descubertas que realiza o propio protagonista, Jacques Austerlitz, un rapaz educado cunhas normas moi austeras no máis fondo do Gales rural. Xa de maior, un programa de radio pono no rastro das súas verdadeiras orixes e, nunha tortuosa viaxe, este ser solitario, inactivo e viaxeiro descobre que é orfo do propio dos campos de concentración.

Mais o que verdadeiramente acaba revelando a biografía de Jacques Austerlitz é unha espantosa imaxe de Europa que permite que os seres humanos se sintan estranxeiros no medio dun enxame de xente.

Como nas obras precedentes, *Austerlitz* é un espello de múltiples reflexos emocionais. Un testemuño de que a exploración do pasado e da súa pegada na memoria, son a mellor arma para a reconstrución do presente. Unha mostra así mesmo da literatura azarosa. Esa ficción que espalla a idea de que a fatalidade e as casualidades son o grande incitador da historia.

En *Austerlitz* ábrese as portas ao excéntrico, ao fantástico e á literatura en estado híbrido, nunha afortunada mestura de xéneros. Na mesma, o autor xunta biografía e historia, símbolo e fotografía, ficción e información diluindo os seus lindes. Algúns críticos temen que esta estratexia narrativa e o elegante estilo de Sebald acaben por esvaecer o horror dos campos de concentración. W. G. Sebald aposta por un método indirecto, tanxencial e coida que eses bos lectores que os hai e para os que escribe, saben decatarse de que ás imaxes dos obxectos que aparecen no seu libro, resulta imposible miralas de xeito inocente, xa que detrás delas está toda unha historia de Europa, unha historia terrible e aínda moi próxima, presentada nun contexto estético.

f. MARTÍNEZ BOUZAS